




ENQUISA ISSGA

A xestión da prevención
de riscos laborais nas
empresas galegas

XUNTA DE GALICIA

Enquisa ISSGA

A xestión da prevención de riscos
laborais nas empresas galegas



observatorio galego
de condicións de traballo

EQUIPO TÉCNICO:

MANUEL ARMADA OYA

JOSÉ REGA PIÑEIRO

RAQUEL BLANCO SILVA

TRABALLO DE CAMPO E INFORME PRELIMINAR: IDEARA S.L.

EDICIÓN: INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA)

DESEÑO E MAQUETACIÓN: MAIZ CREATIVOS SL

(Índice)

1-(Introdución)	5	3-(Anexos)	85
2-(Metodoloxía)	7	Anexo I: táboas detalladas: causas de accidentes e valoración da regulación.....	85
2.1 Traballo de campo.....	7	Anexo II: cuestionario.....	91
2.2 Mostraxe.....	8	Índice de táboas.....	115
3-(Resultados)	13	Índice de gráficas.....	116
3.1 Descrición da mostra	13		
3.2 Xestión empresarial	21		
3.3 Órganos de participación	35		
3.4 Recursos para a prevención de riscos na empresa	41		
3.5 Actividades para a prevención de riscos laborais	50		
3.5.1 Recoñecementos médicos	59		
3.5.2 Actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo	60		
3.5.3 Maquinaria ou equipos de traballo	63		
3.5.4 Outras actividades relacionadas coa prevención	65		
3.5.5 Actividades de prevención relacionadas coas mulleres embarazadas e partos recentes	68		
3.6 Danos á saúde	70		
3.7 Valoración xeral	75		
3.8 Dúvidas e suxestións	82		



1-(Introdución)

1. Introducción

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, creado pola Lei 14/2007 do 30 de outubro, é o órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, ao que corresponde a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo.

O ISSGA elaborou esta enquisa no exercicio das funcións que lle asigna o artigo 4 da devandita lei, en concreto nas líneas b), j) e k):

b) Coñecer, tratar, elaborar e difundir os informes e os datos estatísticos sobre sinistralidade laboral e condicións de traballo.

j) Programar e realizar controis xerais e sectoriais sobre niveis de seguridade, hixiene e condicións de saúde nas empresas, coa prestación a estas e ás persoas representantes legais das traballadoras e dos traballadores do asesoramento pertinente e a comunicación das correccións necesarias que se deban efectuar para elevar os devanditos niveis.

k) Efectuar estudos, informes e asesoramento técnico sobre postos, locais e centros de traballo, materias primas e produtos intermedios e finais na medida en que poidan supor riscos para a saúde das traballadoras e dos traballadores.

O coñecemento da realidade das condicións laborais nas que se está a desenvolver o traballo nas empresas é fundamental, xa que serve para planificar de forma global as necesidades de formación, prevención e control para mellorar a seguridade e condicións de traballo partindo dunha análise previa da situación actual dende o punto de vista de traballadores e empresarios.

É preciso coñecer as dificultades que as propias empresas declaran para aplicar as regulamentacións que lles afectan e as opinións ao respecto para achegar instrumentos que sexan cada vez máis eficaces.

É necesario aclarar que se está a traballar cunha enquisa. En consecuencia, o que se vai compilar non son as condicións reais senón a percepción subxectiva dos axentes implicados. A información está matizada polo coñecemento parcial e tamén polos intereses dos propios interlocutores á hora de transmitir información sensible a un organismo relacionado co control das condicións laborais.

Esta enquisa dá, dalgún xeito, continuidade a unha ferramenta que se viña aplicando dende o Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo (en diante, INSHT), que xa ofrecía datos desagregados por comunidades autónomas, e amplía a información que aquela proporciona sobre a xestión preventiva nas empresas de Galicia. O uso do mesmo cuestionario permite obter datos comparables cos estudos precedentes, garantindo máximo rigor técnico.

Os obxectivos do estudo son, por tanto, os que se listan a continuación:

- Coñecer os recursos e a organización preventiva con que contan os empresarios para garantir a seguridade e saúde dos traballadores
- Facer unha estimación da actividade preventiva das empresas a partir das accións desenvolvidas
- Obter datos que sexan coherentes cos da xestión da sinistralidade dos que dispón o ISSGA e cos obtidos na enquisa nacional do INSHT
- Dispoñer de información na que basear criterios de actuación en materia de asesoramento e asistencia técnica ás empresas de Galicia.



2-(Metodoloxía)

2.1 Traballo de campo

Para a realización da enquisa contouse cunha base de datos de empresas, extraída do ARDAN, de entre as que se seleccionou aleatoriamente ás unidades mostrais ata ir cubrindo as cotas deseñadas por tamaño (cadro de persoal) e sector de actividade.

Efectuouse en primeiro lugar un contacto telefónico para confirmar os datos da empresa (tamaño, sector de actividade, enderezo) e proceder ao envío de carta de presentación máis o cuestionario por correo. Desenvolveuse o traballo de campo de forma preferente por correo electrónico xa que permite a automatización do proxecto, axilización e precisión no tratamento dos cuestionarios.

O seguimento comeza aos 3-4 días para confirmar que teñen a información e que chegou á persoa co perfil adecuado. Confírmase unha data de realización e devolución, que seguirá como data de referencia para continuar co seguimento.

Unha vez confirmado que o envío se realizou procédese a revisar os cuestionarios para confirmar ou completar por vía telefónica aqueles campos do cuestionario que non aparezan completos.

Por último procédese á gravación cando os cuestionarios son recibidos por fax e correo, proceso que se realiza de forma automatizada cando o proceso é desenvolto mediante correo electrónico.

O traballo de campo realízase nos meses de abril, maio e xuño de 2010 atopando un grao de resposta bastante diverso. Foi preciso realizar multitude de substitucións debido a que a enquisa, non sendo obrigatoria e de tamaño relativamente extenso, non obtivo unha colaboración óptima por parte dalgunhas empresas.

GRAVACIÓN E SUPERVISIÓN

A gravación dos datos para cada unidade informante fíxose inicialmente nunha base de datos de Gandía Barwin que despois foi transformada a formato .sav para o seu tratamento estatístico co programa SPSS segundo as indicacións do ISSGA.

A gravación utilizando o software Gandía Barwin achega unha maior fiabilidade, control e diminución de erros no proceso de gravación. Este programa achega os seguintes mecanismos de control:

- Aplicacións automáticas de filtros
- Limitación de categorías de respostas ás escalas aceptadas.

- Sinais sonoros ou visuais para avisar os gravados de feitos importantes
- Obriga de cubrir todos os campos
- Control dos tempos de gravación.

2.2 Mostraxe

O **tamaño da empresa e sector** son os criterios básicos para a estratificación que serán aplicados en toda a mostra xa que se pretendeu ter a oportunidade de ofrecer resultados representativos desagregados a eses dous niveis.

A **estratificación** dunha mostra pode ser proporcional ou non proporcional. Na estratificación non proporcional tenta acadarse unha marxe de erro concreto para cada un dos segmentos en que se estratificou e dos que se queren ofrecer resultados. Para isto aplícase a afixación óptima, que calcula tamaños mostrais en base ás marxes de erro desexadas para os estratos.

Mostraxe non proporcional por afixación óptima: sectores da empresa e tamaño de empresa

Traballouse cun total de 15 estratos de actividade económica da empresa e 4 tramos definidos polos tamaños das empresas definidas polo seu número.

O obxectivo da mostraxe será poder extraer datos representativos de cada un dos 15 estratos e 4 tipos de empresa por número de traballadores.

O tamaño dos estratos non é proporcional ao tamaño do universo correspondente (número total de empresas en Galicia) senón que se calcula para obter a mínima marxe de erro que é posible ofrecer para todos os estratos. O obxectivo desta mostraxe é optimizar a marxe de erro reducíndoo en todos os estratos tratados.

Por tanto axústanse os tamaños mostrais para que os 15 estratos por sector teñan a mesma marxe de erro. Por outra banda, axústanse os tamaños mostrais para que os 6 tramos de empresa por número de traballadores tamén teñan a mesma marxe de erro. Para realizar estes cálculos utilízase a seguinte forma que permite calcular tamaños mostrais cunha marxe de erro fixa:

$$n = \frac{z^2 * N * p * q}{N * e^2 + z^2 * p * q}$$

Utilízase un procedemento análogo para os 4 tramos de tamaño de empresa por número de traballadores.

Nesta fórmula p e q representan a varianza. Ao ser descoñecida utilízase o suposto máis desfavorable de máxima dispersión (varianza máxima) polo que $p=q=0,5$.

O valor de z extráese da porcentaxe da curva normal (distribución de todas as mostras posibles) que representa o nivel de fiabilidade que queremos obter (95,5%). Neste caso o 95,5% de fiabilidade representa 2 unidades de desviación típica. Un fenómeno considérase estatisticamente significativo se demostramos que existe menos dun 5% de posibilidade de que o resultado fose ao chou, por iso o nivel de fiabilidade debe superar sempre o 95%.

N é o universo, o número total de empresas de Galicia (ou no estrato de referencia) seleccionables na mostra. Segundo o directorio de empresas do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2008, ascendía a 393.861 pero se nos quedamos só coas que teñen algún empregado o universo é de 86.530 empresas. O n minúsculo é o tamaño da mostra, o tamaño mostrai escollido para o universo ou o estrato coa marxe de erro e nivel de confianza definidos (z , e). Finalmente, tras realizar o traballo de campo e descartar cuestionarios que non fosen válidos, a mostra ascendeu a 1.206 empresas, quedando a marxe de erro global nun 2,86% (para un nivel de confianza do 95,5%).

Con esta aclaración dispónse xa de todos os parámetros para calcular os nosos tamaños mostrais. Ao final do proceso obtéñense 60 cotas (15 sectores x 4 tramos) que serán axustados na base de datos ao seu peso real na poboación mediante ponderacións:

$$Po = \frac{\frac{n1}{n}}{\frac{N1}{N}}$$

Como os estratos non eran proporcionais ao seu peso real na poboación, aplícanse esas ponderacións aos resultados que se refiran a varios estratos compensando este cambio de peso relativo respecto da poboación real.

Os estratos por tipoloxía de actividade das empresas que se deseñaron son os que seguen:

SECTOR DE ACTIVIDADE
1. Agricultura, gandería, caza
2. Pesca e acuicultura
3. Industria alimentaria, industria téxtil, da madeira, fabricación de mobles, papel, artes gráficas e edición
4. Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos excepto lousa (pedra, area, sal, granito..)
5. Industria química: industria química, farmacéutica e do plástico
6. Metal: metalurxia, fabricación de maquinaria, fabricación de ferramentas, electrodomésticos e tecnoloxía para fogar, fabricación de material eléctrico electrónico. Fabricación de automóviles e material de transporte
7. Outras industrias: vidro, cerámica, azulexos, baldosas, aparatos sanitarios, fabricación de cal, cemento ou xeso, pedra ornamental. Fabricación de equipos quirúrxicos ou de optometría, reciclaxe de produtos non-metálicos. Producción de enerxía (electricidade, gas...) e captación ou distribución de auga. Venda de vehículos de motor (vehículos, non pezas de vehículos)
8. Construción. Instaladores de fontanería, auga, electricidade ou calquera outro elemento de edificacións
9. Comercio, hostalaría
10. Transporte e comunicación
11. Intermediación financeira, actividades inmobiliarias de aluguer, servizos empresariais. Aluguer de maquinaria ou vehículos. Actividades informáticas. Empresas aseguradoras, de xestión de empresas e consultoría. Investigación, actividades xurídicas, notarías e rexistros, relacións públicas, investigación de mercados e enquisas, arquitectura, enxeñería ou servizos técnicos en xeral. Seguridade, ETT
12. Educación e administración pública
13. Actividades sanitarias, veterinarias e servizos sociais
14. Outras actividades sociais e persoais
15. Lousa

Os datos da mostraxe foron deseñados de acordo coa Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) que elabora o Instituto Nacional de Estadística (INE). En xeral, no desenvolvemento da enquisa, observouse en múltiples empresas un descoñecemento da versión actualizada do CNAE (2009), polo que houbo que combinar o uso das dúas clasificacións atopando as correspondencias entre elas. Utilizando a táboa número 1, na seguinte páxina, púidose establecer as correspondencias entre CNAE 93 e CNAE 2009.

SECTOR DE ACTIVIDADE		CNAE-93	CNAE 2009
1	Agricultura, gandería, caza, silvicultura	01-02	01-02 e 1610
2	Pesca	05	03
3	Industria manufactureira e extractiva	10-13; 15-22; 36	06-07 e 10-18
4	Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	14 agás 1413	08-09 agás 0990
5	Industria química	24-25	20, 21, 22, 268, 2733, 3319, 3299, 3250, 141, 412, 4332
6	Metal	27-32; 34; 35; 37 agás 372	24, 25, 26, 271, 275, 2733, 28, 29, 331 (agás 3319), 332, 383, 6209, 9512, 9524
7	Outras industrias	23; 26; 33; 372; 40; 41; 50 agás 503 e 505; 527; 603	191, 1920, 2446, 23, 3299, 26 (agás 268), 27 (agás 271, 275, 2733), 33 (agás 331 e 332), 35, 36, 3812, 45 (agás 453 e 473), 952, 1330, 495
8	Construción	45	43, agás 4332
9	Comercio, hostalaría	503, 505, 51-52 agás 527, 55	453-46-47-55-56
10	Transporte e comunicacións	60 agás 603, 61-64	49 a 52 (agás 495), 7532, 791, 799, 749
11	Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de aluguer, servizos empresariais	65-67, 70-74	64-66, 411, 77, 60, 62, 58, 331, 9511, 68-82
12	Administración pública e educación	75, 80, 99	84, 9106, 8899, 85 e 99
13	Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	85	86, 87, 88
14	Outras actividades sociais e persoais	90-95	90 a 98 (agás 9106, 9511, 952), 37, 381 (agás 3812), 382, 742, 799
15	Lousa	1413	0811 e 0990

TÁBOA 1. ESTRATIFICACIÓN POR SECTOR DE ACTIVIDADE E CORRESPONDENCIAS ENTRE CNAE 93 E CNAE 2009

O segundo criterio de estratificación baséase no tamaño das empresas segundo número de persoas empregadas. Elaboráronse catro estratos para acadar aSi unha representación significativa de diferentes tipoloxías de empresa.

Este criterio xustifícase porque se considera probable que existan diferenzas no tratamento da seguridade e condicións de traballo en función do tamaño das empresas.

Na mostra seleccionada considerouse imprescindible que a empresa contase con algún empregado. A persoa empregada é dependente totalmente da empresa de referencia, aínda que a relación entre as partes non sexa a través dun contrato laboral senón mercantil ou doutra natureza. O relevante é a condición real do traballador, máis que a súa situación legal contractual respecto á empresa. No cuestionario inclúense referencias a todos os traballadores que comparten un centro de traballo pero, de cara á estratificación, o que interesa é a dependencia da unidade empresarial.

Na mostraxe tómanse en consideración de forma separada as microempresas (menos de 10 persoas empregadas), as pequenas, medianas e grandes empresas asegurándose a posibilidade de expoñer os datos desgragados cun nivel de fiabilidade estatística adecuada.

ESTRATO	TAMAÑO DA EMPRESA
a	De 1 a 9 traballadores
b	De 10 a 49 traballadores
c	De 50 a 249 traballadores
d	Máis de 250 traballadores

TÁBOA 2. ESTRATOS POR TAMAÑO DA EMPRESA



3-(Resultados)

O traballo de campo da enquisa sobre as condicións de traballo das empresas galegas realizouse na primeira metade do ano 2010. Durou varios meses debido a que se trataba dun cuestionario a autocumprimentar, circunstancia que fai preciso deixar un tempo amplo para a devolución dos cuestionarios cubertos antes de que, en caso de non colaborar, as empresas sexan substituídas por outras do mesmo tamaño e sector. Evitar as substitucións na medida do posible, aínda que dilate a duración da fase de traballo de campo, é moi positivo para acadar unha aleatoriedade real na selección de unidades mostrais.

O resultado final, tras eliminar os cuestionarios non válidos, que non estivesen correctamente cubertos, é unha mostra de empresas que ascende a 1.206.

No primeiro apartado do capítulo de resultados (3.1 Descrición da mostra) detállase a distribución e características destas empresas.

A continuación descríbense e analízanse os resultados da enquisa. Os resultados que se ofrecen fan referencia á mostra global e á desagregacións por tamaño e sector da empresa.

O cuestionario que se utiliza para a realización da enquisa tamén pode ser consultado no anexo do presente documento.

3.1 Descrición da mostra

A mostra final que se acadou para a enquisa de condicións de traballo das empresas galegas é de 1.206. A maior parte do traballo de campo realizouse, tal e como se describía, mediante cuestionario que cubrían os propios representantes das empresas en arquivos con formato de formulario (pdf) que eran cubertos para proceder á gravación automatizada. Noutros casos, os interlocutores preferiron imprimir os cuestionarios e cubrilos manualmente. Puntualmente, a entrevista foi realizada de forma telefónica e cuberta polo operador.

A distribución final da mostra por sectores de actividade é o que se amosa na seguinte táboa.

SECTOR DE ACTIVIDADE	PORCENTAXE	RECONTO
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	3,0%	36
Pesca	14,8%	179
Industria manufactureira e extractiva	9,0%	108
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	3,1%	37
Industria química	3,2%	38
Industria do metal	11,3%	136
Outras industrias	6,6%	79
Construción	10,4%	125
Comercio, hostalaría	11,4%	137
Transporte e comunicación	6,3%	76
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	10,4%	126
Administración pública e educación	3,2%	38
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	3,3%	40
Outras actividades sociais e persoais	3,5%	42
Lousa	0,7%	9

TÁBOA 3. DESCRICIÓN DA MOSTRA POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Cabe subliñar o reducido tamaño do estrato composto por empresas de *lousa*.

O estudo pretende dar resultados representativos do sector pero observouse un acusado proceso de redución de empresas por desaparición ou fusión que se vai producindo nos últimos anos. Isto fainos supoñer que o número real de empresas é inferior ao estimado inicialmente. Esta circunstancia provocou que unhas poucas negativas a participar afectasen seriamente á representatividade do estrato de *lousa*. Ofreceranse, non obstante, datos referentes a este sector aínda que deben considerarse de carácter principalmente orientador pola insuficiente cobertura mostral.

O número de persoal traballador por centro de traballo foi outro factor que se tivo en conta para acadar unha mostra que reflicta o tecido empresarial galego. En concreto a mostra traballa coa seguinte distribución de empresas participantes.

NÚMERO DE TRABALLADORES POR EMPRESA	PORCENTAXE SOBRE O TOTAL	RECONTO
1 a 9 traballadores	46,4%	559
10 a 49 traballadores	38,9%	469
50 a 249 traballadores	12,3%	148
250 ou máis traballadores	2,5%	30
Subtotal	100%	1.206

TÁBOA 4. DESCRICIÓN DAS EMPRESAS POR NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS

Na táboa obsérvase unha menor representación das empresas de maior tamaño, en proporción ao seu peso no tecido empresarial galego. Non obstante, estas poucas empresas son de especial relevancia ao empregar unha porcentaxe moi elevada dos traballadores implicados. Na táboa 5 obsérvase como o 2,5% de empresas de máis de 249 traballadores (30 empresas) representan realmente case o 50% do persoal traballador afectado polas condicións laborais que se tratarán ao longo do presente informe.

TAMAÑO DA EMPRESA	NÚMERO TOTAL DE TRABALLADORES
1 a 9	2.734
10 a 49	9.933
50 a 249	14.500
Máis de 249	21.148
Total	48.315

TÁBOA 5. DESCRICIÓN DA MOSTRA POR NÚMERO TOTAL DE PERSOAS TRABALLADORAS

Ao desagregar con detalle o número de persoas empregadas por sector da enquisa atópanse uns contrastes bastante significativos. Na táboa 6 achégase o tamaño medio das empresas por sector. Hai que ter en conta que a media (número total de traballadores dividido polo número total de empresas) ofrece unha distorsión ao estar demasiado influída polos datos extremos (poucas empresas moi grandes).

A mediana é un estatístico de tendencia central máis preciso neste caso, xa que describe o punto medio da distribución, na que a metade das empresas terían máis persoas empregadas e a outra metade menos que as indicadas.

Tal e como era de agardar, as empresas máis voluminosas son as da lousa, industria do metal e industria química, superando unha mediana de 20. No lado contrario, está a pesca, a agricultura, comercio e hostalaría e servizos empresariais, onde o tamaño medio da empresa non chega ás 10 persoas.

Estes datos son de gran relevancia porque a coincidencia de tamaño e sector fan que sexa preciso analizar con coidado algúns datos tentando discernir cal dos dous factores é determinante en cada observación.

En todo caso os datos da mostra global ofreceranse desagregados por sector e tamaño de empresa.

SECTOR DE ACTIVIDADE	MEDIA	MEDIANA
Industria do metal	221,4	21
Outras industrias	145,0	12
Administración pública e educación	124,8	15
Construción	112,0	11
Industria manufactureira e extractiva	77,2	12
Tamaño medio	73,2	10
Lousa	71,4	46
Outras actividades sociais e persoais	58,8	10
Industria química	52,8	23
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	45,5	17
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	35,6	18
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	30,0	9
Comercio, hostalaría	28,0	9
Transporte e comunicación	27,1	18
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	12,5	8
Pesca	6,6	5

TÁBOA 6. DESCRICIÓN DA MOSTRA POR NÚMERO DE PERSOAS TRABALLADORAS POR SECTOR

Máis das tres cuartas partes das empresas incluídas na mostra contaban só cun centro de traballo, un valor moi semellante a aquelas que contan con menos de 50 traballadores (85,3%).

O da lousa é o sector que conta cun tamaño medio máis elevado e tamén se trata do que en menos ocasións ten un só centro de traballo (55%). No lado contrario, están os sectores da pesca e a industria química, que presentan en máis do 90% dos casos, empresas cunha sede única. No caso das empresas de construción, non se preguntou polo número de centros de traballo senón de obras na provincia. O 40% das empresas da construción só ten 1 obra na actualidade e o 87,6% ten en marcha 5 ou menos obras na provincia.

NÚMERO DE CENTROS DE TRABALLO	PORCENTAXE DE EMPRESAS	RECONTO
Só este centro de traballo	78,7%	846
De 2 a 5 centros de traballo	16,5%	177
De 6 a 10 centros de traballo	2,3%	25
Máis de 10 centros de traballo	2,5%	27
Subtotal	100%	1.075

TÁBOA 7. DESCRICIÓN DA MOSTRA POR NÚMERO DE SEDES

Só o 10% das empresas que se inclúen na mostra contan con menos de 6 anos no centro de traballo actual. O grupo máis numeroso está nos centros de traballo creados na década dos 90, que contan actualmente cunha antigüidade entre 11 e 20 anos, xa que supoñen o 39,7% da mostra seleccionada para a enquisa.

ANTIGÜIDADE NO CENTRO DE TRABALLO ACTUAL	PORCENTAXE	RECONTO
Menos de 6 anos	10,1%	121
De 6 a 10 anos	21,6%	259
11 a 20 anos	39,7%	475
21 a 30 anos	17,0%	203
Máis de 30 anos	11,6%	139
Total	100%	1.197

TÁBOA 8. DESCRICIÓN DA MOSTRA POR ANTIGÜIDADE DO EMPRAZAMENTO

Na descrición do cadro de persoal da empresa obsérvase unha clara especialización por xénero. A maioría de sectores están masculinizados (máis do 50% de traballadores son homes).

Ademais, os homes non teñen unha representación inferior ao 30% en ningún sector mentres que as mulleres non acadan a ser o 30% en 9 dos 15 sectores definidos para a enquisa.

A situación descrita implica un menor abano de alternativas laborais para as mulleres que para os homes.

SECTOR DE ACTIVIDADE	% DE MULLERES NO CADRO DE PERSOAL (MEDIA)
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	24,7%
Pesca	29,4%
Industria manufactureira e extractiva	39,4%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	11,6%
Industria química	29,4%
Industria do metal	13,8%
Outras industrias	17,1%
Construción	11,5%
Comercio, hostalaría	40,4%
Transporte e comunicación	28,6%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	50,5%
Administración pública e educación	61,3%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	67,3%
Outras actividades sociais e persoais	56,9%
Lousa	22,4%
Total	31,8%

TÁBOA 9. PORCENTAXE MEDIO DE MULLERES NAS EMPRESAS POR SECTOR

Na táboa número 10 obsérvase que, tendo en conta só ás empresas que contan con máis de 1 traballador en cadro de persoal, os sectores da pesca e a construción son os que presentan maior porcentaxe de empresas que non empregan a mulleres. No lado contrario, as actividades sanitarias e a educación e administración achegan un 10% de empresas sen homes no cadro de persoal.

Respecto a este último sector, é preciso aclarar a composición real da mostra seleccionada en administración e educación. Hai que ter en conta que cubrir o cuestionario non era obrigatorio. No caso da administración pública os contactados considerábanse habitualmente sen capacidade para respondelo. O resultado é unha representación moi feble das administracións neste estrato da mostra, na que son maioritariamente empresas educativas as incluídas.

Pola súa banda, obsérvase na táboa 11, que a poboación estranxeira está moito máis presente nas empresas do sector primario e no da lousa. Este último sector está amosando en moitos sentidos que ten unhas particularidades que a fan digna dun tratamento especial. En todo caso trátase de sectores que precisan dun uso intensivo de man de obra e na que hai moitos postos que presentan valoración baixa para os autóctonos. Nos restantes sectores, a presenza da man de obra estranxeira é sempre inferior ao 3,5% do total do cadro de persoal.

A distribución das idades dos traballadores nas empresas amosa claramente como hai sectores cunha man de obra relativamente avellentada. Obsérvase na táboa 12, como nas empresas de extracción de áridos e lousa son as únicas con máis do 30% dos seus traballadores que superan os 55 anos. Estes sectores son seguidos de cerca polo de transportes e comunicación. No lado contrario atópanse sectores nos que máis do 15% do seu persoal ten menos de 25 anos na industria do metal e industria química.

SECTOR DE ACTIVIDADE	NON TEN MULLERES	NON TEN HOMES	TEN HOMES E MULLERES	TOTAL
Pesca	35,8%	6,9%	57,2%	100%
Construción	28,8%	0,8%	70,4%	100%
Outras industrias	25,3%	1,3%	73,4%	100%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	24,3%		75,7%	100%
Industria do metal	21,5%		78,5%	100%
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	20,6%		79,4%	100%
Transporte e comunicación	14,9%	1,4%	83,8%	100%
Lousa	11,1%		88,9%	100%
Industria química	10,5%		89,5%	100%
Industria manufactureira e extractiva	10,5%	1,0%	88,6%	100%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	10,2%	11,0%	78,8%	100%
Comercio, hostalaría	9,7%	6,0%	84,3%	100%
Outras actividades sociais e persoais	9,5%	7,1%	83,3%	100%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	2,5%	10,0%	87,5%	100%
Administración pública e educación		10,5%	89,5%	100%
Total	18,6%	4,1%	77,3%	100%

TÁBOA 10. PORCENTAXE DE EMPRESAS SEN MULLERES, SEN HOMES OU CON HOMES E MULLERES

SECTOR DE ACTIVIDADE	% DE ESTRANXEIROS EMPREGADOS
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	9,8%
Pesca	10,9%
Industria manufactureira e extractiva	3,5%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	1,1%
Industria química	1,3%
Industria do metal	2,2%
Outras industrias	1,0%
Construción	2,2%
Comercio, hostalaría	2,5%
Transporte e comunicación	1,6%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	1,6%
Administración pública e educación	2,4%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	2,6%
Outras actividades sociais e persoais	2,1%
Lousa	14,3%

TÁBOA 11. DESCRICIÓN DA MOSTRA: PRESENZA DE MAN DE OBRA ESTRANXEIRA POR SECTOR

A continuación, amósase a distribución mostral resultante da enquisa das condicións de traballo das empresas galegas. Nos capítulos que se presentan a continuación aplícanse ponderacións por tamaño da empresa. É dicir, cando se presenten resultados globais, dáselle máis peso a estratos que acheguen unha representación na mostra inferior á que se estima para o total da poboación. As ponderacións que se aplicaron recóllense na táboa 13.

SECTOR DE ACTIVIDADE	MENOS DE 25 ANOS	DE 25 A 54 ANOS	MÁIS DE 54 ANOS
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	5,6%	83,2%	11,2%
Pesca	13,6%	67,8%	18,6%
Industria manufactureira e extractiva	8,4%	73,9%	17,7%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	4,4%	63,2%	32,4%
Industria química	15,6%	66,9%	16,4%
Industria do metal	17,4%	60,8%	21,8%
Outras industrias	12,3%	69,3%	18,4%
Construción	6,7%	81,2%	12,1%
Comercio, hostalaría	13,0%	74,7%	12,3%
Transporte e comunicación	11,3%	61,6%	27,0%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	9,4%	77,0%	13,6%
Administración pública e educación	10,0%	72,5%	17,4%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	7,0%	80,8%	12,2%
Outras actividades sociais e persoais	8,4%	75,2%	16,4%
Lousa	6,4%	56,4%	37,1%
Total	10,7%	72,0%	17,2%

TÁBOA 12. DESCRICIÓN DA MOSTRA: DISTRIBUCIÓN DA MAN DE OBRA POR IDADE E SECTOR ACTIVIDADE

TAMAÑO DA EMPRESA (NÚMERO DE PERSOAS)	EMPRESAS DE GALICIA	MOSTRA	PONDERACIÓNS
a: 1 a 9	75.313	559	1,88
b: 10 a 49	9.624	469	0,29
c: 50 a 249	1.398	148	0,13
d: Máis de 249	195	30	0,09

TÁBOA 13. DESCRICIÓN DA MOSTRA: PONDERACIÓNS POR TAMAÑO DA EMPRESA

As ponderacións aplícanse en todos aqueles resultados que impliquen agrupar empresas de diferentes tamaños de forma que se lle devolverá a cada tamaño o seu peso real no panorama empresarial galego.

3.2 Xestión empresarial

No anexo II pódese consultar o cuestionario que se utilizou para realizar a enquisa. Trata temas relacionados coa xestión empresarial, actividades e recursos para prevención de riscos, actividades perigosas e sinistralidade. Neste primeiro apartado recóllense datos sobre a xestión empresarial xeral, relacionada de forma directa ou indirecta coa prevención de riscos laborais.

Comézanse a presentar os datos recollidos tratando unha primeira parte do cuestionario que fai referencia a aspectos relacionados coa xestión empresarial que afectan á seguridade e saúde do colectivo traballador ou poderían ter algunha relación indirecta.

Entrando no tema da xestión empresarial, comézase tratando o tema dos horarios. O horario máis mencionado que rexe a xornada laboral das empresas galegas é o da xornada partida, co 42,8% de casos. Os sectores industriais presentan unha distribución bastante equilibrada entre xornadas partidas e rotativas. Tamén no sector sanitario son moi comúns as xornadas rotativas, xa que afectan a máis do 65% do persoal empregado.

SECTOR DE ACTIVIDADE	PARTIDA	CONTINUA (MAÑÁ)	CONTINUA (TARDE)	CONTINUA (NOITE)	ROTATIVO MAÑÁ/TARDE	ROTATIVO MAÑÁ/ TARDE/ NOITE	OUTRO ROTATIVO	OUTRO
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	86,5%	3,5%	0,4%	0,0%	0,0%	0,4%	0,0%	9,1%
Pesca	39,7%	7,1%	0,0%	0,2%	1,8%	4,8%	3,7%	42,6%
Industria manufacturera e extractiva	29,8%	11,3%	2,7%	3,9%	20,7%	31,3%	0,3%	0,1%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	76,8%	5,8%	0,3%	0,1%	8,7%	2,8%	5,2%	0,3%
Industria química	31,4%	6,4%	0,4%	1,5%	6,6%	42,7%	0,6%	10,5%
Industria do metal	33,2%	17,8%	4,3%	4,5%	13,5%	26,7%	0,1%	0,1%
Outras industrias	83,4%	5,5%	0,3%	0,3%	3,3%	6,8%	0,2%	0,3%
Construción	78,7%	11,3%	0,5%	0,1%	7,5%	1,9%	0,0%	0,1%
Comercio, hostalaría	60,2%	11,9%	0,9%	0,4%	23,6%	2,6%	0,0%	0,3%
Transporte e comunicación	51,3%	3,8%	0,8%	1,1%	27,8%	3,2%	1,3%	10,7%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	62,2%	21,2%	2,6%	0,0%	5,1%	4,9%	0,1%	4,0%
Administración pública e educación	15,6%	28,7%	3,8%	0,1%	1,0%	0,0%	0,0%	50,8%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	22,1%	6,6%	1,8%	1,8%	19,6%	46,6%	0,7%	0,9%
Outras actividades sociais e persoais	33,9%	2,4%	2,8%	9,7%	48,3%	1,6%	0,8%	0,5%
Lousa	82,7%	0,2%	0,5%	2,6%	12,5%	0,0%	0,0%	1,6%
Total	42,8%	13,5%	2,4%	2,3%	14,2%	16,1%	0,5%	8,2%

TÁBOA 14. XESTIÓN EMPRESARIAL: HORARIOS POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Outros casos que presentan particularidades a destacar son os da pesca e a administración pública e educación, nas que existen horarios difíciles de encadrar nas categorías do cadro 14 engrosando a categoría de outros.


O 42,6% dos traballadores da pesca teñen *outros horarios* xa que é doado recoller respostas como *depende das mareas* ou *no mar non hai horarios*. En todo caso semella que non son habitualmente uns horarios regulados de forma estrita.

No caso da educación e administración atópase co 50,8% de traballadores con *outros horarios*. Xa se comentou que o sector está composto, basicamente, de empresas de formación. Nas administracións atopouse grandes reticencias a colaborar. Non obstante cóntase cunha empresa pública que altera moito os datos globais. Para concretar máis, entre as 39 empresas deste sector hai unha que conta con máis de 3.000 empregados que afecta significativamente aos datos de todo o sector. Trátase dunha universidade na que se declara que máis da metade do persoal (profesores sobre todo) teñen horarios variables ou flexibles.

Se se exclúise o caso da universidade os resultados do sector de administración e educación serían que o 62,8% dos traballadores teñen horarios partidos de mañá e tarde, o 28,2% seguen horarios continuos de mañá e o 4,8% deben seguir quendas rotativas de mañá e tarde.

O terceiro sector en que a categoría *outros* resulta relevante é o que fai referencia a transportes e comunicacións. Detéctase aSi, con seguridade, a natureza dos empregados de longas rutas, con horarios difíciles de definir dentro dunha estrutura regular e repetida.


GRÁFICA 1. XESTIÓN EMPRESARIAL: XORNADA CONTINUA POR SECTORES



A organización do traballo mediante xornada continua é moi variable (sumamos mañá, tarde e noite). Vai dende o 3,27% do sector da lousa ou o 3,99% de agricultura, gandería, caza e silvicultura ata máis do 30% en administración e educación.


As xornadas rotativas (sumando as diferentes tipoloxías de rotativas) son máis comúns na industria e nas actividades de servizos sociais e sanitarios: que precisan do coidado ou atención a persoas.

GRÁFICA 2. XESTIÓN EMPRESARIAL: XORNADA ROTATIVA POR SECTORES



A maioría do persoal traballador realiza o labor no propio centro de traballo. Unha das excepcións é, por razóns obvias, a construción (63,8%), no que a obra ten consideración de centro de traballo (aínda que polos resultados, é posible que moitos do persoal encargado, directivo e responsable descoñeza esta información). Tamén o transporte presenta unha variabilidade importante (48,2%). As empresas que realizan servizos a outras empresas tamén contan cunha parte significativa do seu persoal traballando en instalacións diferentes ao centro de traballo propio (55,2%).

GRÁFICA 3. XESTIÓN EMPRESARIAL: LUGAR DE TRABALLO POR SECTORES



A continuación amósanse os resultados detallados, desagregados por sector de actividade, onde se observa como na construción e transporte declaran a miúdo que traballan na rúa, obras, etc. As empresas de servizos presentan moitos casos de traballadores noutras empresas ou noutros centros da propia empresa.

SECTOR DE ACTIVIDADE	NESTE CENTRO DE TRABALLO	NOUTROS CENTROS	NOUTRAS EMPRESAS	NA RÚA	NO DOMICILIO	OUTRO
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	68,7%	4,9%	4,4%	11,5%	0,0%	10,4%
Pesca	86,4%	6,3%	0,0%	0,0%	0,0%	7,3%
Industria manufactureira e extractiva	77,7%	19,4%	0,1%	2,4%	0,0%	0,3%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	78,8%	12,7%	1,0%	6,8%	0,0%	0,7%
Industria química	95,8%	1,3%	1,3%	1,6%	0,0%	0,0%
Industria do metal	84,2%	3,4%	6,7%	4,4%	0,0%	1,2%
Outras industrias	80,6%	10,1%	0,2%	2,5%	3,5%	3,0%
Construción	36,2%	24,1%	1,5%	37,3%	0,0%	1,0%
Comercio, hostalaría	73,1%	15,8%	1,3%	8,0%	0,0%	1,9%
Transporte e comunicación	51,8%	3,8%	4,6%	28,8%	1,6%	9,3%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	44,8%	24,0%	15,9%	11,7%	0,1%	3,6%
Administración pública e educación	93,3%	5,6%	0,3%	0,3%	0,0%	0,6%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	77,7%	8,3%	2,9%	8,2%	0,1%	2,9%
Outras actividades sociais e persoais	87,8%	6,4%	0,4%	1,9%	0,1%	3,3%
Lousa	75,1%	21,2%	0,0%	1,7%	0,0%	2,0%
Total	74,5%	11,8%	3,5%	8,0%	0,2%	2,0%

TÁBOA 15. XESTIÓN EMPRESARIAL: LUGAR DE TRABALLO POR SECTORES, RESULTADOS DETALLADOS



Outro punto que hai que ter en conta é o de actividades desenvolvidas dentro da empresa que os empresarios consideran como *perigosas*.

As actividades de especial perigosidade no desenvolvemento da actividade que declaran as empresas, defínense na gráfica 4. O dato que se presenta é a porcentaxe de empresas nas que se realiza cada unha das actividades mencionadas.

De entre a listaxe de 15 posibles actividades que se presenta no cuestionario, atópase un 68% de empresas que afirma que non realiza ningunha delas , as restantes distribúense como figura na gráfica 4.

Segundo os datos por sectores de actividade, hai algunhas tipoloxías de empresas en que a incidencia das actividades perigosas que se mencionan diverxe moito da media. Na industria do metal, a construción, lousa e extracción de minerais atópase que máis do 60% de empresas realiza actividades perigosas. Non obstante, na pesca, só o 1,7% de empresas declara que realiza algunha das actividades perigosas que se mencionan na gráfica 4.


Pásanse a describir con máis detalle as actividades perigosas das empresas. Na seguinte táboa amósase a porcentaxe de empresas que detectan entre as súas actividades algunha que se lista no cuestionario.



SECTOR DE ACTIVIDADE	EXPOSICIÓN A RADIACIÓNS IONIZANTES	EXPOSICIÓN A AXENTES TÓXICOS	PRODUTOS QUÍMICOS DE ALTO RISCO	AXENTES BIOLÓXICOS DO GRUPO 3	AXENTES BIOLÓXICOS DO GRUPO 4	EXPLOSIVOS	MINARÍA, SONDAXES E PLATAFORMAS MARIÑAS	MINARÍA INTERIOR	INMERSIÓN BAIXO A AUGA	OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, ESCAVACIÓN E MOVEMENTOS DE TERRAS	SIDERURXIA E CONSTRUCCIÓN NAVAL	GASES COMPRIMIDOS, LICUADOS E DISOLTOS	CONCENTRACIÓNS DE PO SILÍCEO	RISCOS ELÉCTRICOS EN ALTA TENSIÓN
Actividades sanitarias e veterinarias, servizo	21,1%	18,4%	15,8%	26,3%	10,5%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	10,5%	0,0%	2,6%
Administración pública e educación	2,8%	2,8%	2,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	2,8%	0,0%	2,8%	2,8%	0,0%	0,0%
Agricultura,gandaría, caza, silvicultura	2,9%	5,9%	2,9%	2,9%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	5,9%	2,9%	0,0%	0,0%	0,0%
Comercio, hostalaría	1,5%	0,0%	2,3%	0,8%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	3,0%	2,3%	0,0%	0,0%	2,3%
Construcción	0,0%	8,9%	3,3%	0,0%	0,0%	0,8%	0,0%	0,0%	0,0%	57,7%	9,8%	4,1%	0,0%	8,1%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	0,0%	5,6%	5,6%	0,0%	0,0%	47,2%	69,4%	2,8%	0,0%	36,1%	2,8%	8,3%	47,2%	5,6%
Industria do metal	3,9%	13,3%	4,7%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,8%	17,2%	46,9%	10,9%	0,0%	1,6%
Industria manufactureira e extractiva	0,0%	11,1%	8,1%	0,0%	0,0%	2,0%	1,0%	0,0%	0,0%	3,0%	3,0%	5,1%	0,0%	6,1%
Industria química	8,3%	13,9%	13,9%	0,0%	0,0%	2,8%	0,0%	0,0%	0,0%	5,6%	2,8%	2,8%	0,0%	8,3%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	0,9%	2,6%	0,0%	0,9%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,9%	5,1%	0,9%	0,0%	0,0%	4,3%
Outras actividades sociais e persoai	0,0%	0,0%	2,6%	2,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	2,6%	0,0%	0,0%	0,0%	5,3%
Outras industrias	2,6%	14,5%	5,3%	0,0%	0,0%	1,3%	1,3%	1,3%	0,0%	1,3%	3,9%	3,9%	14,5%	6,6%
Pesca	0,0%	0,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,6%	0,6%	0,6%	0,0%
Lousa	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	11,1%	44,4%	55,6%	11,1%	0,0%	44,4%	0,0%	22,2%	66,7%	0,0%
Transporte e comunicación	0,0%	5,5%	1,4%	0,0%	0,0%	0,0%	1,4%	0,0%	0,0%	4,1%	0,0%	1,4%	0,0%	4,1%

TÁBOA 16. XESTIÓN EMPRESARIAL: ACTIVIDADES PERIGOSAS POR SECTOR

GRÁFICA 6. XESTIÓN EMPRESARIAL: RISCOS PERCIBIDOS NA EMPRESA




Unha vez descrita a distribución das actividades perigosas nas empresas, pásase a explorar a percepción de risco que teñen os representante das mesmas. Para iso o cuestionario da enquisa inclúe unha pregunta con resposta múltiple sobre os riscos que existen no centro de traballo (ou na obra se é unha empresa de construción). Arredor do 80% do total declara que na súa empresa hai riscos de accidentes ou de tipo musculoesquelético (asociados a posturas, esforzos...). O 40,3% de empresas considera que hai risco de enfermidades profesionais no centro de traballo.

Na seguinte táboa desagreganse os datos por sector de actividade, observando que as empresas do sector terciario presentan baixo risco de accidentes e enfermidades. A pesca e a extracción de minerais e construción son recoñecidos polas empresas, como sectores con maior risco de accidentes que o resto.

SECTOR DE ACTIVIDADE	HAI RISCO DE ACCIDENTES	HAI RISCO DE ENFERMIDADES	HAI RISCO DE PROBLEMAS MUSCULOESQUELÉTICOS	HAI RISCO DE ESTRÉS, DEPRESIÓN E ANSIEDAD	HAI RISCO DE OUTRAS ENFERMIDADES
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	57,7%	37,8%	88,0%	16,3%	11,4%
Administración pública e educación	36,0%	13,0%	68,3%	45,3%	10,3%
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	78,3%	22,9%	82,8%	30,9%	0,0%
Comercio, hostalaría	68,7%	10,2%	72,4%	30,3%	8,9%
Construción	85,3%	9,0%	73,8%	14,0%	6,2%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	100%	26,2%	48,6%	7,0%	3,9%
Industria do metal	82,1%	21,5%	66,0%	10,3%	6,6%
Industria manufactureira e extractiva	80,2%	21,8%	65,1%	13,1%	5,4%
Industria química	84,6%	11,2%	56,7%	11,9%	9,6%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias, servizos empresariais	37,4%	6,3%	83,4%	58,9%	7,9%
Outras actividades sociais e persoais	37,6%	20,8%	75,2%	48,0%	2,5%
Outras industrias	68,5%	25,7%	84,1%	22,5%	9,4%
Pesca	97,3%	94,1%	97,9%	2,4%	1,5%
Lousa	79,9%	88,1%	100%	3,8%	3,8%
Transporte e comunicación	81,0%	4,7%	56,2%	22,9%	14,4%

TÁBOA 17. XESTIÓN EMPRESARIAL: RISCOS PERCIBIDOS NA EMPRESA

Destaca, sobre todo, a alta percepción de risco no sector pesqueiro, que case non identificara previamente actividades perigosas. Isto indícanos que o cuestionario precisaría algunha modificación en aplicacións futuras para que se vise mellor representado ese sector.



A flexibilización de horarios, externalización de actividades, polivalencia do persoal traballador e remuneración variable aparecen como as ferramentas de xestión da actividade da empresa máis habituais, xa que son aplicadas en máis da terceira parte das empresas.

Non obstante, ao considerar as empresas que estudan a aplicación dalgunha destas ferramentas, atopámonos con que o 46,2% de empresas estuda a aplicación da xestión total da calidade.

- **Xestión total da calidade:** o seu uso máis estendido sitúase en actividades sanitarias e veterinarias (69,2%) e en administración pública e educación (60,4%).
- **Círculos de calidade ou grupos de resolución de problemas:** adquire maior presenza na industria química (38,5%) e industria do metal (37,8%), e outras actividades sociais e persoais (37,5%).
- **Polivalencia dos traballadores:** aplicado en máis do 90% das empresas da pesca e no 56,6% de empresas da construción.
- **Equipos de traballo autónomos:** o uso máis común en agricultura, gandería, caza (44,9%) e no sector de transporte e comunicacións (37,7%).
- **Producción axustada (*just in time*):** en tres sectores obsérvase máis do 30% de empresas aplicando esta ferramenta que son a extracción de minerais non metálicos, industria do metal e administración pública e educación.
- **Aprovisionamento axustado (*just in time*):** superan o 30% no uso desta ferramenta todas as industrias (metal, química e outras industrias) ademais de comercio e hostalaría e administración pública e educación.
- **Subcontratación e externalización de actividades propias da empresa:** no sector da extracción de minerais non metálicos úsase esta ferramenta no 87,3% de empresas, no 79,9% de empresas de lousa e no 72,9% en comercio e hostalaría. Nas industrias atópase entre o 57,9% e o 66,8% de empresas en que se aplica a ferramenta de xestión de actividade da externalización.
- **Flexibilización horaria:** mentres o 94% de empresas de pesca a usan, no resto obsérvase en menos do 50% dos casos.
- **Teletraballo:** a administración pública e educación, os transportes, outras actividades sociais e persoais e agricultura, gandería e caza aplícanse en máis do 50% de empresas.
- **Remuneración variable ligada aos resultados do traballador:** en máis do 90% de empresas de pesca se aplica esta ferramentas, o seguinte sector é administración pública e educación, nun 34,6% dos casos.

SECTOR DE ACTIVIDADE	XESTIÓN TOTAL DA CALIDADE	CÍRCULOS DE CALIDADE	POLIVALENCIA DOS TRABALLADORES	EQUIPOS DE TRABAÑO AUTÓNOMOS	PRODUCCIÓN AXUSTADA	APROVISIONAMENTO AXUSTADO	EXTERNALIZACIÓN	FLEXIBILIZACIÓN HORARIA	TELETRABAÑO	REMUNERACIÓN VARIABLE
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	69,2%	35,7%	32,3%	22,5%	18,2%	8,6%	42,1%	41,0%	44,6%	6,4%
Administración pública e educación	60,4%	18,9%	9,7%	34,0%	31,8%	32,5%	67,1%	47,3%	70,5%	34,6%
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	35,8%	34,6%	32,1%	44,9%	22,2%	18,5%	54,3%	36,6%	51,9%	10,7%
Comercio, hostalaría	22,5%	24,0%	7,9%	27,1%	27,4%	32,3%	72,9%	12,3%	48,0%	10,5%
Construción	32,2%	18,3%	56,6%	34,1%	24,1%	29,6%	39,0%	30,3%	0,1%	21,2%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	30,4%	22,7%	7,7%	25,2%	38,9%	40,4%	87,3%	35,0%	26,4%	0,0%
Industria do metal	45,4%	37,8%	20,0%	22,7%	31,1%	33,5%	61,7%	28,7%	22,7%	14,6%
Industria manufactureira e extractiva	37,5%	20,0%	17,5%	28,6%	25,3%	31,9%	57,9%	17,4%	35,7%	2,7%
Industria química	48,3%	38,5%	16,6%	23,1%	27,8%	34,6%	66,8%	11,3%	30,8%	1,5%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	23,6%	20,0%	13,6%	25,5%	15,9%	16,7%	65,3%	35,2%	45,6%	14,0%
Outras actividades sociais e persoais	38,4%	37,5%	8,2%	14,8%	21,3%	17,5%	74,8%	15,5%	59,6%	7,7%
Outras industrias	38,8%	26,6%	9,4%	26,3%	24,5%	36,0%	62,0%	13,4%	28,4%	8,5%
Pesca	4,3%	1,6%	91,1%	1,3%	2,6%	2,8%	3,3%	94,1%	2,9%	92,9%
Lousa	26,4%	23,8%	3,8%	8,2%	10,7%	18,9%	79,9%	3,8%	0,0%	0,0%
Transporte e comunicación	55,5%	29,7%	10,9%	37,7%	26,4%	16,2%	60,6%	45,3%	60,2%	7,0%

TÁBOA 18. XESTIÓN EMPRESARIAL: FERRAMENTAS DE XESTIÓN DA ACTIVIDADE POR SECTOR

Tamén se desagregan os resultados do uso de ferramentas de xestión empresarial por tamaño da empresa. En xeral, as empresas de máis de 50 persoas empregadas aplícanas máis, coa excepción do uso de remuneracións variables.


O aprovisionamento axustado e produción axustada (*just in time*), a externalización e equipos de traballo autónomos son ferramentas máis propias de pequenas e medianas empresas (10 a 249 persoas traballadoras).

FERRAMENTAS DE XESTIÓN	1 A 9 TRABALLADORES	10 A 49 TRABALLADORES	50 A 249 TRABALLADORES	250 OU MÁIS TRABALLADORES
Aprovisionamento axustado	18,4%	30,4%	31,9%	22,2%
Círculos de calidade	15,7%	37,0%	50,4%	70,4%
Equipos de traballo autónomos	19,7%	23,0%	36,3%	14,8%
Externalización	41,5%	62,0%	66,7%	59,3%
Flexibilización	48,3%	30,9%	40,7%	48,1%
Polivalencia dos traballadores	43,4%	22,1%	29,6%	33,3%
Produción axustada	17,2%	26,0%	23,7%	22,2%
Remuneración variable	38,8%	13,0%	14,8%	11,1%
Teletraballo	26,3%	29,9%	33,3%	37,0%
Xestión total da calidade	22,0%	54,2%	77,8%	81,5%

TÁBOA19. XESTIÓN EMPRESARIAL: FERRAMENTAS DE XESTIÓN DA ACTIVIDADE POR TAMAÑO DA EMPRESA

O 49% de empresas declara que non implantou ningún sistema de xestión da seguridade e saúde no traballo mentres o 24,9% implantou un sistema baseado na especificación técnica OHSAS 18001.

Atópase maior incidencia destes sistemas de xestión da seguridade e saúde nas empresas de maior tamaño, co 37,9% de empresas fronte ao 23,1% no caso das máis pequenas.



TAMAÑO DA EMPRESA	NON	NON, PERO ESTÁMOLO ESTUDANDO	SI BASEADO NA ESPECIFICACIÓN OHSAS18001	OUTRO SISTEMA
1 a 9 traballadores	51,5%	22,3%	23,1%	3,2%
10 a 49 traballadores	33,0%	23,9%	36,9%	6,2%
50 a 249 traballadores	32,6%	28,9%	33,3%	5,2%
250 ou máis traballadores	27,6%	34,5%	37,9%	

TÁBOA 20. XESTIÓN EMPRESARIAL: IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE POR TAMAÑO DA EMPRESA

Os sectores de actividade tamén presentan disparidades na implantación dos sistemas de seguridade e saúde. A táboa 21 aparece ordenada, de maior a menor, segundo a porcentaxe de empresas que contan cun sistema de seguridade e saúde laboral. Ningunha empresa da lousa declara que conta con este tipo de plans.

A existencia de sistemas de xestión de seguridade e saúde no traballo non está sempre estendido a todos os ámbitos. Isto fai considerar a posibilidade de que haxa outros aspectos máis valorados na estratexia empresarial antes que a seguridade e saúde do colectivo traballador. Vaise intentar mostrar cales son as prioridades dentro da xestión empresarial na empresa.

SECTOR DE ACTIVIDADE	NON	NON, PERO O ESTAMOS ESTUDANDO	SÍ BASEADO NA ESPECIFICACIÓN OHSAS18001	OTRO SISTEMA
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	26,1%	13,0%	47,8%	13,0%
Outras industrias	36,8%	17,1%	44,7%	1,3%
Outras actividades sociais e persoais	41,2%	11,8%	41,2%	5,9%
Industria do metal	32,6%	20,9%	40,7%	5,8%
Comercio, hostalaría	38,4%	21,0%	37,7%	2,9%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	37,5%	29,2%	33,3%	0,0%
Transporte e comunicación	30,4%	35,7%	32,1%	1,8%
Industria química	22,6%	48,4%	29,0%	0,0%
Industria manufactureira e extractiva	50,0%	17,9%	28,2%	3,8%
Construción	46,3%	23,8%	25,0%	5,0%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	60,0%	13,3%	21,7%	5,0%
Administración pública e educación	63,0%	18,5%	18,5%	
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	42,9%	26,2%	16,7%	14,3%
Pesca	68,3%	25,7%	4,6%	1,4%
Lousa	33,3%	66,7%	0,0%	

TÁBOA 21. XESTIÓN EMPRESARIAL: IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Outra das preguntas do cuestionario expoñía unha lista de factores que dirixen a estratexia empresarial para que a dirección os ordenase segundo a importancia estimada na toma de decisións para a súa xestión.

Para comezar a explicar estes resultados ofrécese a porcentaxe de veces que cada un dos factores aparece como o máis importante na estratexia, coñecendo aSi que lugar ocupa a seguridade e prevención de riscos entre as prioridades ou preocupacións da empresa.

PRINCIPAL FACTOR DA ESTRATEXIA DE NEGOCIO	PRIMEIRO
Aumentar a produtividade	43,5%
Mellorar a calidade do produto ou servizo	31,8%
Desenvolvemento de novos produtos ou servizos	4,4%
Redución dos custos de man de obra	4,2%
Redución dos custos de produción ou distribución	6,8%
Mellorar a xestión da prevención de riscos laborais	4,0%
Mellorar a imaxe da empresa	1,7%
Impulsar as tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación	1,5%
Maior compromiso coa sustentabilidade do medio ambiente	0,8%

TÁBOA 22. XESTIÓN EMPRESARIAL: PRINCIPAL FACTOR PARA A ESTRATEXIA DE NEGOCIO

A xestión da prevención dos riscos figura en sexto lugar entre as prioridades. Está por debaixo da redución de custos de man de obra. Por cada empresa que declara que a prevención de riscos é prioritaria na estratexia empresarial, hai 10 que declaran que o principal factor é o aumento da súa produtividade.

Na táboa 23 pásase a detallar os tres factores máis importantes na estratexia empresarial (tratando indistintamente se os sitúan en primeiro, segundo ou terceiro lugar). Amósase que a orde na lista de factores máis mencionados é semellante aos da táboa 22. Os tres máis destacados son idénticos aos da táboa 23 e son seguidos por redución dos custos de produción (30,8%), redución de custos de man de obra (25,7%) e mellora da prevención de riscos laborais (18,6%), que segue aSi ocupando o sexto lugar en orde de importancia.

3 PRINCIPAIS FACTORES DA ESTRATEXIA DO NEGOCIO	% DE EMPRESAS
Aumentar a produtividade	78,1%
Mellorar a calidade do produto ou servizo	76,7%
Desenvolvemento de novos produtos ou servizos	39,5%
Redución dos custos de man de obra	25,7%
Redución dos custos de produción ou distribución	30,8%
Mellorar a xestión da prevención de riscos laborais	18,6%
Mellorar a imaxe da empresa	18,3%
Impulsar as tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación	6,1%
Maior compromiso coa sustentabilidade do medio	4,7%

TÁBOA 23. XESTIÓN EMPRESARIAL: PORCENTAXE DE EMPRESAS QUE MENCIONA CADA FACTOR ENTRE OS 3 MÁIS IMPORTANTES PARA A SÚA ESTRATEXIA EMPRESARIAL

Pregúntase tamén nesta enquisa sobre repercusións (incidencias) da política de prevención de riscos que se desenvolve na empresa.

Ao respecto da xestión empresarial e das condicións de traballo, atópase que é escasa a porcentaxe de empresas que recoñece incidencias por advertencias aos traballadores ou algún tipo de proposta e trámite de sanción.

Só o 7,3% de empresas realizou algún tipo de advertencia ou sanción ao colectivo traballador por motivos de seguridade ou saúde. No lado contrario, aínda en menos ocasións, foi o propio empresariado o que recibiu advertencias en forma de mobilizacións do colectivo traballador (3,8%) ou propostas de sanción (4,1%). O 86,2% de empresas declara que non se observa ningún tipo de repercusión deste tipo na súa empresa, tal e como se detalla na táboa 24.

REPERCUSIÓNS DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	% DE EMPRESAS
Advertencia ou sanción a traballadores	7,3%
Paros ou mobilizacións	3,8%
Propostas de sanción por parte da Inspección de Traballo	4,1%
Imputación a algún directivo ou mando intermedio nun acto xudicial	0,9%
Recargo nas prestacións	0,7%
Outro	0,4%
Non	86,2%

TÁBOA 24. XESTIÓN EMPRESARIAL: REPERCUSIÓNS DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO


3.3 Órganos de participación

O 19,1% de empresas conta con delegados de prevención de riscos laborais representando os traballadores.

A situación é moi diferente duns sectores a outros. Mentres a pesca só dispón de delegados no 3,4% dos casos, na lousa están presentes no 75%. Recórdase que o sector da lousa tamén era o que presentaba un tamaño medio máis elevado.

Se o sector é relevante nesta análise, aínda o é máis o tamaño da empresa, tal e como se observa na gráfica 9. A existencia de delegados de prevención vai ligada ao aumento do tamaño da empresa. Vaise así dende o 14% das empresas de menos de 10 empregados ata o 90% nas de máis de 250 tendo en conta os condicionantes legais que provocaron esta situación¹. A obriga de ter delegados de prevención depende, en boa medida, do tamaño das empresas.


GRÁFICA 9. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: A EMPRESA CONTA CON DELEGADO DE PREVENCIÓN




1 Nas empresas de ata 10 traballadores (coa anterior versión normativa, ata 6 traballadores) o empresario pode asumir persoalmente a actividade preventiva (R. d. 39/1997 art. 11).

Ademais, en empresas de ata 10 traballadores non é obrigatorio que haxa delegados de persoal. Para empresas de entre 6 e 10 traballadores pode haber delegado de prevención se o deciden os traballadores por maioría (R.d.l. 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 62).


GRÁFICA 10. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: A EMPRESA CONTA CON DELEGADO DE PREVENCIÓN



GRÁFICA 11. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: A EMPRESA CONTA CON DELEGADO DE PREVENCIÓN, EMPRESAS DE MENOS DE 10 EMPREGADOS




GRÁFICA 12. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: A EMPRESA CONTA CON DELEGADO DE PREVENCIÓN



Os delegados de prevención son homes no 77,3% dos casos e son mulleres no 22,7%, para unha media de 1,67 delegados por empresa, entre as que o teñen. Se consideramos o total da mostra que participa no estudo obteríamos unha media de 0,6 delegados de prevención por empresa (nesta media inclúense as empresas sen delegados de prevención).

Os empresarios declaran que a maior parte dos delegados de prevención de riscos (90,5%) recibiu formación despois de ser designado, ou polo menos algúns deles (96%).


GRÁFICA 13. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: DELEGADOS DE PREVENCIÓN RECIBIRON FORMACIÓN SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE DENDE A DESIGNACIÓN




A maior parte das empresas que contan con delegados de prevención tamén teñen un comité de seguridade e saúde no traballo, xa que a proporción acada o 63,9%. Só no 9,9% das ocasións ese comité non se reuniu nin unha soa vez nos últimos 12 meses.

Máis do 50% das empresas que contan con comité de seguridade e saúde no traballo² viron como este órgano se reunía catro ou máis veces no último ano.

GRÁFICA 14. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: A EMPRESA TEN COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE



GRÁFICA 15. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: NÚMERO DE REUNIÓN DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE NOS ÚLTIMOS 12 MESES



² Segundo o art. 38 da Lei de prevención de riscos laborais, o comité de seguridade e saúde é obrigatorio nas empresas de 50 traballadores ou máis (Lei 31/1995).

Tamén se preguntou acerca dos aspectos sobre os que se consulta ao colectivo traballador ou persoal delegado de prevención, relacionados coa seguridade e saúde no traballo.

Cando existen delegados de prevención, participan activamente, sobre todo na avaliación de riscos e na organización da prevención de riscos xa que son consultados en máis do 70% das empresas.

O persoal traballador é consultado sobre todo na elección dos equipos de traballo ou EPI (48,8%) e na avaliación de riscos (40,7% de empresas).

ASPECTOS SOBRE OS QUE SE CONSULTA A TRABALLADORES OU DELEGADOS DE PREVENCIÓN	CONSULTA A TRABALLADORES	EMPRESAS CON DELEGADOS: CONSULTA A DELEGADOS
Avaliación de riscos	40,7%	74,8%
Introdución de novas tecnoloxías	28,7%	36,3%
Elección de equipos de traballo e/ou EPI	48,8%	59,5%
Organización da prevención de riscos laborais	29,0%	71,3%
Organización da formación	39,1%	64,1%
Elección do servizo de prevención alleo	12,5%	42,8%
Elección da mutua que cobre enfermidades e accidentes	13,0%	40,3%
Postos sen riscos en caso de incompatibilidade por embarazo	14,3%	35,0%
Ningún dos anteriores	25,5%	4,4%

TÁBOA 25. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: ASPECTOS SOBRE OS QUE SE CONSULTA AO COLECTIVO TRABALLADOR E DOS DELEGADOS DE PREVENCIÓN

Na táboa 26 amósanse desagregados os resultados que fan referencia ás consultas que se realizan ao colectivo traballador por sector de actividade.

SECTOR DE ACTIVIDADE	AVALIACIÓN DE RISCOS	INTRODUCCIÓN DE NOVAS TECNOLOXÍAS	ELECCIÓN DE EQUIPOS DE TRABAÑO E/ OU EPI	ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS	ORGANIZACIÓN DA FORMACIÓN	ELECCIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO	ELECCIÓN DA MUTUA QUE COBRE ENFERMIDADES E ACCIDENTES	POSTOS SEN RISCOS EN CASO DE INCOMPATIBILIDADE POR EMBARAZO	NINGÚN DOS ANTERIORES
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	44,4%	33,3%	52,8%	33,3%	38,9%	16,7%	11,1%	19,4%	22,2%
Pesca	10,6%	6,7%	9,5%	8,4%	7,3%	2,2%	1,7%	2,2%	86,6%
Industria manufacturera e extractiva	50,9%	36,1%	66,7%	33,3%	44,4%	14,8%	14,8%	19,4%	11,1%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	43,2%	16,2%	62,2%	24,3%	43,2%	0,0%	2,7%	2,7%	10,8%
Industria química	57,9%	44,7%	71,1%	34,2%	44,7%	10,5%	15,8%	28,9%	15,8%
Industria do metal	50,0%	34,6%	66,2%	33,8%	45,6%	11,0%	14,7%	16,9%	4,4%
Outras industrias	45,6%	35,4%	59,5%	29,1%	36,7%	11,4%	13,9%	15,2%	10,1%
Construción	55,2%	32,0%	68,0%	45,6%	55,2%	22,4%	19,2%	12,0%	10,4%
Comercio, hostalaría	32,1%	31,4%	50,4%	29,2%	40,9%	16,1%	13,9%	17,5%	24,1%
Transporte e comunicación	51,3%	34,2%	47,4%	26,3%	39,5%	9,2%	v13,2%	17,1%	13,2%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	42,9%	28,6%	42,1%	33,3%	46,0%	19,8%	19,0%	21,4%	26,2%
Administración pública e educación	39,5%	23,7%	23,7%	28,9%	50,0%	10,5%	18,4%	5,3%	13,2%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	45,0%	32,5%	45,0%	32,5%	50,0%	15,0%	17,5%	12,5%	12,5%
Outras actividades sociais e persoais	38,1%	35,7%	38,1%	26,2%	38,1%	11,9%	11,9%	19,0%	21,4%
Lousa	44,4%	33,3%	77,8%	22,2%	55,6%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%

TÁBOA 26. ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN: ASPECTOS SOBRE OS QUE SE CONSULTA A TRABALLADORES POR SECTOR DE ACTIVIDADE

Obsérvase que en todos os sectores hai unha maioría de empresas que consulta sobre aspectos de seguridade e saúde laboral aos seus traballadores excepto no caso da pesca.

Máis do 50% de empresas consulta aos seus traballadores sobre *avaliación de riscos* nas industrias, a construción e o transporte e comunicacións.

Tamén máis da metade de empresas soe consultar sobre elección de equipos de traballo e/ou equipos de protección individual a máis da metade dos traballadores nos sectores industriais, extracción de áridos, o sector primario e a construción, lousa e comercio e hostalaría.

As empresas de servizos sobresaen do resto cando se trata de consultar aos traballadores sobre a organización da formación. Para este aspecto, máis da metade das empresas consulta os seus traballadores nos sectores de construción, lousa, administración pública e educación e actividades sanitarias e veterinarias.

3.4 Recursos para a prevención de riscos na empresa

O 69% de empresas conta con servizos de prevención alleos. No 25% dos casos trátase de servizos de prevención mancomunados³.

³ Segundo a táboa 27, o 25,2% das empresas contan cun servizo de prevención mancomunado. O valor é moi inesperado por elevado. Se observamos a táboa 29 móstrase que a maioría proceden do sector da pesca. Neste sector presentáronse dificultades no desenvolvemento do traballo de campo polo que se solicitou a colaboración das confrarías. É moi posible que se atopen sobrerrepresentadas as empresas máis pequenas do sector de baixura e máis estreitamente ligadas ás confrarías de pescadores.

REPERCUSIÓNS DA SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	% DE EMPRESAS
Varios traballadores designados	15,1%
Servizo de prevención propio	4,1%
Servizo de prevención mancomunado	25,2%
Servizo de prevención alleo á empresa	69,1%
O empresario asume persoalmente a función	6,3%
Traballadores encargados da coordinación	5,2%
Coordinador de seguridade e saúde	2,2%
Traballadores <i>recursos preventivos presentes</i>	8,0%
Ningún dos anteriores	4,3%

TÁBOA 27. RECURSOS DA PREVENCIÓN DE RISCOS NA EMPRESA

A distribución por tamaño de empresa amosa que hai recursos como o servizo de prevención alleo, que están presentes en case todas as empresas de máis de 9 persoas empregadas.

Os recursos nos que destacan as empresas máis pequenas son a existencia de servizos de prevención mancomunados ou que o propio empresario asuma as labores de prevención. O resto de opcións pódense considerar moi puntuais nas empresas que contan con menos de 10 persoas empregadas.

Entre as medianas e grandes empresas, a particularidade principal está na porcentaxe das que contan con servizo de prevención propio. As grandes empresas contan con este recurso no 40% dos casos e as medianas só no 10%.

Os datos detallados amósanse na seguinte táboa. As porcentaxes indican a proporción de empresas que conta cos recursos que se citan na primeira columna. A variable é de resposta múltiple, as empresas podían escoller varias respostas, polo que os totais superan normalmente o 100%.

TAMAÑO DA EMPRESA	TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO	SERVIZO DE PREVENCIÓN MANCOMUNADO	SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO	O EMPRESARIO ASUMIU A PREVENCIÓN DE RISCOS	TRABALLADORES ENCARGADOS DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	TRABALLADORES ENCARGADOS DE SER "RECURSOS PREVENTIVOS PRESENTES"	NINGÚN DOS ANTERIORES
1 a 9 traballadores	12,2%	4,0%	28,1%	65,1%	6,8%	3,1%	2,0%	5,9%	4,9%
10 a 49 traballadores	32,6%	4,1%	5,1%	95,7%	3,2%	17,7%	3,6%	20,9%	0,6%
50 a 249 traballadores	42,6%	10,1%	10,8%	98,0%	1,4%	32,4%	4,7%	28,4%	0,7%
250 ou máis traballadores	40,0%	40,0%	16,7%	93,3%	0,0%	26,7%	0,0%	23,3%	0,0%

TÁBOA 28. RECURSOS DA PREVENCIÓN DE RISCOS NA EMPRESA POR TAMAÑO DA EMPRESA

Na seguinte táboa detállanse os recursos para a prevención de riscos por sector de actividade. Os valores indican a porcentaxe de empresas do sector (ao principio da fila) que contan co recurso descrito.

SECTOR DA ACTIVIDADE	TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	SERVIZO DE PREVENCIÓN PROPIO	SERVIZO DE PREVENCIÓN MANCOMUNADO	SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO	O EMPRESARIO ASUMIU A PREVENCIÓN DE RISCOS	TRABALLADORES ENCARGADOS DA COORDINACIÓN DE ACTIVIDADES	COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE	TRABALLADORES ENCARGADOS DE SER "RECURSOS PREVENTIVOS PRESENTES"	NINGÚN DOS ANTERIORES
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	13,9%	2,8%	11,1%	77,8%	13,9%	0,0%	0,0%	11,1%	2,8%
Pesca	3,9%	0,6%	84,4%	15,6%	0,6%	2,2%	0,0%	1,1%	2,2%
Industria manufacteireira e extractiva	30,8%	6,5%	4,7%	93,5%	3,7%	9,3%	0,9%	7,5%	1,9%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	29,7%	5,4%	0,0%	100%	8,1%	29,7%	10,8%	29,7%	0,0%
Industria química	47,4%	7,9%	0,0%	100%	7,9%	18,4%	0,0%	15,8%	0,0%
Industria do metal	32,4%	9,6%	13,2%	94,9%	5,1%	26,5%	3,7%	37,5%	0,7%
Outras industrias	38,0%	3,8%	6,3%	93,7%	6,3%	17,7%	2,5%	11,4%	1,3%
Construción	35,2%	5,6%	3,2%	97,6%	4,8%	18,4%	15,2%	48,8%	0,8%
Comercio, hostalaría	22,8%	5,9%	7,4%	94,9%	3,7%	9,6%	0,0%	5,1%	2,2%
Transporte e comunicación	14,5%	3,9%	1,3%	92,1%	6,6%	10,5%	1,3%	6,6%	6,6%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	22,4%	5,6%	1,6%	88,0%	3,2%	10,4%	2,4%	8,0%	5,6%
Administración pública e educación	31,6%	10,5%	0,0%	86,8%	5,3%	5,3%	0,0%	0,0%	5,3%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	30,0%	12,5%	0,0%	92,5%	7,5%	12,5%	0,0%	5,0%	5,0%
Outras actividades sociais e persoais	19,0%	7,1%	2,4%	95,2%	4,8%	16,7%	0,0%	2,4%	4,8%
Lousa	22,2%	11,1%	0,0%	100%	0,0%	33,3%	0,0%	33,3%	0,0%


TÁBOA 29. RECURSOS DA PREVENCIÓN DE RISCOS NA EMPRESA POR SECTOR DE ACTIVIDADE

As empresas do sector primario teñen unha importante presenza na mostra e son case sempre pequenas. Son as que achegan na maioría dos casos o recurso a servizos de prevención mancomunados. Tamén na industria do metal aparece esta figura con certa relevancia.


Quitando a pesca, con predominio do servizo de prevención mancomunado, todos os sectores contan na gran maioría dos casos, con servizos de prevención alleo.

Cando o empresariado designou varios traballadores encargados para a prevención atopámonos a unha media de 1,61 persoas traballadoras designadas por empresa. A proporción é que por cada muller designada hai tres homes.

A gran maioría destes traballadores designados para a prevención de riscos recibiu formación previa á designación, no 83,2% dos casos. O 46,0% do persoal designado tiña experiencia previa e o 40,5% ambas (experiencia e formación). O 11,3% dos traballadores designados para a prevención de riscos non tiñan formación nin experiencia previas.



A maioría do persoal encargado da prevención de riscos recibiu formación tamén despois de ser designado para o posto. A modalidade máis habitual é a dos cursos de nivel básico, de 30 a 50 horas, ao que tivo acceso o 67% do persoal traballador que se ocupa destas tarefas.



O 4,1% das empresas conta cun servizo de prevención propio. A distribución do persoal por funcións e sexo amósanse na seguinte táboa.


FUNCIÓNS DESEMPEÑADAS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Funcións de nivel superior	20,2%	10,7%	30,9%
Funcións de nivel intermedio	8,4%	7,7%	16,1%
Funcións de nivel básico	33,2%	19,8%	53,0%
Total	61,8%	38,2%	100%

TÁBOA 30. FORMACIÓN RECIBIDA POLO PERSOAL TRAS SER DESIGNADOS PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O 61,8% dos traballadores no servizo de prevención de risco son homes e o 38,2% mulleres. En ámbolos dous casos obsérvase que máis da metade ocúpanse de funcións de nivel básico. O 30,9% de traballadores no servizo de prevención de riscos ocupa funcións de nivel superior e o 16,1% desempeña funcións de nivel intermedio.

De entre ese 30,9% desempeñando funcións de nivel superior, as especialidades principais son seguridade no traballo e ergonomía/psicosocioloxía.


GRÁFICA 18. ESPECIALIDADE DESEMPENADA NAS FUNCIÓNS DE NIVEL SUPERIOR DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN PROPIOS



A opción maioritaria na xestión de riscos nas empresas é acudir a un servizo de prevención alleo, ao presentarse no 69,1% dos casos.

De entre estes casos hai un 66,9% que ten contratado o servizo de prevención coa sociedade de prevención vinculada á súa mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais. No 5,5% teno contratado, ademais da mutua, con outro servizo. O restante 33,1% ten contratado o servizo de prevención alleo só un servizo de prevención non vinculada á mutua.

GRÁFICA 19. ESPECIALIDADE DESEMPENADA NAS FUNCIÓNS DE NIVEL SUPERIOR DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN PROPIOS




Aínda que só o 5,5% de empresas declara que ten contratado un servizo de prevención vinculado á mutua xunto con outro servizo máis, veremos como en realidade hai moitas combinacións para a distribución das especialidades preventivas entre os dous tipos de entidade.

Primeiro destácase a porcentaxe que declara ter contratado o servizo para despois especificar a natureza da entidade que llo realiza.

A especialidade de *seguridade no traballo* é a que aparece contratada a servizos externos no 87% das ocasións. As restantes especialidades son contratadas a servizos alleos nunha porcentaxe menor, segundo se observa na gráfica 20.


GRÁFICA 20. ESPECIALIDADE PREVENTIVA CONTRATADA A SERVIZOS DE PREVENCIÓN ALLEOS



As actividades preventivas que máis se contratan a servizos de prevención alleos son as da *elaboración do plan de prevención* (86,5% das empresas que contan con servizo de prevención alleo), *avaliación de riscos e as súas actualizacións* (86,5%) e *elaboración da documentación derivada do plan de prevención* (83,7%).


No lado contrario está a *actuación como recurso preventivo de presenza obrigada* (contratada polo 44,1% de empresas que contan con servizo de prevención alleo) e *coordinación das actividades empresariais en materia de prevención* (55%).

GRÁFICA 21. ACTIVIDADES PREVENTIVAS CONTRATADAS A SERVICIOS DE PREVENCIÓN ALLEOS



Na gráfica 22 obsérvase se a especialidade ou actividade preventiva contratouse cunha sociedade vinculada á mutua, se foi outra entidade ou varias (pregunta multiresposta)..


GRÁFICA 22. ESPECIALIDADES PREVENTIVAS E ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN CONTRATADAS



A especialidade de medicina no traballo e o servizo de vixilancia médica específica son os que en máis ocasións se contratan a través dunha sociedade de prevención vinculada á mutua.

Non superan o 50% de empresas que contan coa mutua para *actuación como recurso preventivo presente obrigado e medidas de actuación ante emerxencias*. O nivel de satisfacción das empresas cos servizos de prevención alleos que contratan son, variables. A facilidade para realizar consultas recibe boa valoración para o 97,7% das empresas.


GRÁFICA 23. NIVEL DE SATISFACCIÓN DA EMPRESA COA FACILIDADE PARA REALIZAR CONSULTAS AO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN




Na valoración da rapidez nas respostas obsérvase unha polarización das respostas ao estar boa parte *moi satisfeitas* ou *nada satisfeitas*. Sorprende unha distribución na que só o 1,3% di está pouco satisfeito. Este fenómeno indícanos que o tema é moi sensible: calquera deficiencia neste aspecto produce gran descontento, que acontece no 24,1% dos casos.

Como feito salientable, ao valorar as respostas relativas ás actividades contratadas, a impresión é claramente negativa, chegando ao 70% de empresas que están *pouco* ou *nada satisfeitas*.

GRÁFICA 24. NIVEL DE SATISFACCIÓN DE LA EMPRESA CON LA RAPIDEZ EN LAS RESPUESTAS DEL SERVICIO AJENO DE PREVENCIÓN




GRÁFICA 25. NIVEL DE SATISFACCIÓN DE LA EMPRESA CON EL CUMPLIMIENTO CON LAS ACTIVIDADES CONTRATADAS AL SERVICIO AJENO DE PREVENCIÓN




El cumplimiento de la planificación presenta muchas valoraciones negativas (47,7%). es razonable suponer que este factor es menos importante para las empresas, a cuyo objeto no hay apenas valoraciones totalmente positivas y negativas: son poco sensibles y críticos al factor considerado.

GRÁFICA 26. NIVEL DE SATISFACCIÓN DA EMPRESA CO CUMPRIMENTO DA PLANIFICACIÓN PREVISTA DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN




GRÁFICA 27. NIVEL DE SATISFACCIÓN DA EMPRESA CO TEMPO DE DEDICACIÓN DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN



O tempo de dedicación tampouco semella ocupar un posto moi sensible na empresa pero existe unha boa valoración xeral con menos do 8% de empresas *pouco* ou *nada satisfeitas*.

Non obstante a aplicabilidade das solucións e medidas preventivas é un caso diferente. As empresas son moi sensibles a este aspecto pero só o 22% teñen valoración negativa.

GRÁFICA 28. NIVEL DE SATISFACCIÓN DA EMPRESA COA APLICABILIDADE DAS SOLUCIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS DO SERVIZO ALLEO DE PREVENCIÓN



En conclusión, os aspectos máis importantes para a empresa son a rapidez na resposta e aplicabilidade nas solucións. A existencia de moitas valoracións no extremo máis positivo ou máis negativo indica maior sensibilidade polo factor, máis preocupación.

O peor valorado é o grao de cumprimento das actividades contratadas.


O tempo de dedicación do servizo alleo de prevención e a facilidade para realizar consultas apenas presenta valoracións negativas.

3.5 Actividades para a prevención de riscos laborais

O 74,5% de empresas afirma que se realizou unha avaliación de riscos para a seguridade e saúde dos traballadores en todo o centro de traballo. Neste dato exclúese ás empresas de construción, que son tratadas de forma específica a continuación.

En varios dos sectores atópase un 100% de empresas que realizaron a avaliación de riscos do centro, igual ocorre con aquelas empresas que superan os 250 empregados.

Pola contra, só o 55% de empresas da pesca realizou a avaliación de riscos en todo o centro de traballo⁴.



⁴ Segundo o artigo 1.5 do R.d.l. 1/1995 do estatuto dos traballadores, os buques de pesca teñen consideración de centros de traballo

SECTOR DE ACTIVIDADE	SI, EN TODO O CENTRO	SI, EN PARTE DO CENTRO	NON, PERO ESTÁ PREVISTA	NON, NON ESTÁ PREVISTA	ESTASE REALIZANDO
Agricultura, gandaría, caza, silvicultura	83,3%		2,4%	9,5%	4,8%
Pesca	55,3%	3,6%	20,5%	20,5%	
Industria manufactureira e extractiva	86,5%	2,2%	4,5%	6,7%	
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	100%				
Industria química	100%				
Industria do metal	93,2%		6,8%		
Outras industrias	94,9%			2,6%	2,6%
Comercio, hostalaría	89,1%	2,7%	2,7%	4,1%	1,4%
Transporte e comunicación	79,7%		6,8%	13,6%	
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	87,0%	0,8%	3,1%	6,1%	3,1%
Administración pública e educación	78,6%		7,1%	14,3%	
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	100%				
Outras actividades sociais e persoais	88,2%			5,9%	5,9%
Lousa	100%				

TÁBOA 31. EMPRESAS QUE REALIZARON A AVALIACIÓN DOS RISCOS PARA A SEGURIDADE E SAÚDE POR SECTOR


TAMAÑO DA EMPRESA	SI, EN TODO O CENTRO	SI, EN PARTE DO CENTRO	NON, PERO ESTÁ PREVISTA	NON, NON ESTÁ PREVISTA	ESTASE REALIZANDO
1 a 9 traballadores	72,5%	8,4%	8,3%	9,7%	1,1%
10 a 49 traballadores	86,6%	9,0%	2,2%	1,5%	0,7%
50 a 249 traballadores	94,7%	5,3%	0,0%		0,0%
250 ou máis traballadores	100%				

TÁBOA 32. EMPRESAS QUE REALIZARON A AVALIACIÓN DOS RISCOS PARA A SEGURIDADE E SAÚDE POR TAMAÑO DA EMPRESA

A pesares de observar unha gran maioría de empresas que realizou a avaliación de riscos para a seguridade e saúde, tamén hai que ter en conta que eses riscos poden cambiar. Existen diversas circunstancias que o provocan. Na táboa 32 sinálase a proporción de empresas que revisaron esa avaliación en certos casos concretos que o puideron requirir.

Para a análise exclúense os casos en que a resposta é *non se deu esa circunstancia*, polo que non se viron modificadas as situacións de risco.

GRÁFICA 30. EMPRESAS QUE REVISARON A AVALIACIÓN DOS RISCOS PARA A SEGURIDADE E SAÚDE ANTE CAMBIOS




En todos os sectores analizados existe unha maioría de empresas que revisou a avaliación de riscos ante situacións que os puideron modificar. Nos casos en que se observa peor concienciación ao respecto son cando *se produciron danos para a saúde ou a incorporación dun traballador especialmente sensible ás condicións do posto*. Recórdase que desta análise exclúense os casos nos que *non se deu esta circunstancia*.


Cando se producen modificacións en equipos de traballo, condicións ou acondicionamento do lugar de traballo obsérvase unha revisión da avaliación de riscos en, aproximadamente, o 90% das empresas.

Tras a avaliación de riscos deberíase informar o propio traballador dos resultados que afecten o seu posto de traballo ou función. O 93,7% das empresas informan do resultado da avaliación aos traballadores implicados. En ningún sector ou tamaño da empresa se informa en menos do 89% dos casos.


GRÁFICA 31. INFÓRMASE OS TRABALLADORES DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS QUE LLES AFECTAN




GRÁFICA 32. INFÓRMASE O COLECTIVO TRABALLADOR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS QUE LLES AFECTAN POR SECTOR



GRÁFICA 33. INFORMASE O COLECTIVO TRABALLADOR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS QUE LLES AFECTAN POR TAMAÑO DE EMPRESA



GRÁFICA 34. MEDIO POLO QUE SE INFORMA O COLECTIVO TRABALLADOR DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN DE RISCOS QUE LLES AFECTAN




O medio máis habitual para informar da avaliación dos riscos os traballadores é por escrito, dende a propia dirección da empresa, no 58,9% de casos tal e como se representa na gráfica 34. Débese aclarar que esta variable era de resposta múltiple (podíanse escoller varias opcións) aSi que non debe sorprendere que a suma de todas as porcentaxes supere o 100%.


Nas empresas de construción, faise un tratamento específico xa que, para comezar, a empresa pode actuar como promotor ou como contratista polo que faise preciso detallar ese aspecto.

Un 73% de promotores realiza estudos de seguridade e saúde. En caso de ser contratistas, declaran que elaboran e actualizan o plan de seguridade e saúde no 89,7% de empresas. O 88,4% das empresas de construción solicita información a subcontratistas para actualizar plan de seguridade e saúde.


GRÁFICA 35. PROMOTOR: REALIZA ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE



GRÁFICA 36. CONTRATISTA: ELABORA PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE




GRÁFICA 37. CONTRATISTA: SOLICITA INFORMACIÓN A SUBCONTRATISTA PARA ADAPTACIÓN DE PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE




No caso de que as empresas de construción actúen como subcontratistas os resultados son semellantes: pídenlle información para adaptar o plan de seguridade e saúde nun 88,7% de caos e reciben a parte do devandito plan que lles compete nun 90,8% de empresas de construción.

GRÁFICA 39. SUBCONTRATISTA: RECIBE A PARTE DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE QUE LLE CORRESPONDE




GRÁFICA 38. SUBCONTRATISTA: SOLICITANLLE INFORMACIÓN PARA A ADAPTACIÓN DE PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE




O 95,8% de empresas de construción declara que informa o colectivo dos traballadores dos riscos que afectan ao seu posto. Tamén foron recollidos no cuestionario os medios para realizar esta comunicación da empresa á persoa empregada, que aparecen reflectidos na gráfica 40. O medio preferido segue a ser por escrito, igual que nos restantes sectores. Neste caso o técnico do servizo de prevención é o que máis se encarga desta tarefa (46,3% de empresas) seguido do propio empresario (39,3% dos casos).

GRÁFICA 40. CONSTRUCIÓN: INFORMA AOS TRABALLADORES DOS RISCOS QUE AFECTAN AO SEU POSTO



GRÁFICA 41. CONSTRUCCIÓN: MÉTODO UTILIZADO PARA INFORMAR O COLECTIVO TRABALLADOR SOBRE RISCOS NO SEU POSTO DE TRABALLO




3.5.1 Recoñecementos médicos

Máis do 85% de empresas ofreceu ao seu persoal, no último ano, a posibilidade de pasar un recoñecemento médico. No 42,2% de empresas ofreceuse a posibilidade de que estes recoñecementos fosen específicos, é dicir, adaptados ás funcións e riscos do posto desempeñado, segundo o protocolo establecido no seu caso.

No sector primario e extracción de minerais non metálicos (incluída lousa), máis da metade das empresas ofrecen recoñecementos específicos. Non obstante, na pesca e na administración pública e educación atópase arredor do 20% de empresas sen ter ofrecido a posibilidade de recoñecementos médicos aos seus traballadores no último ano.

Os recoñecementos médicos específicos, adaptados ao posto e risco, realízanse no 76,7% de empresas con máis de 250 traballadores, no 69,9% de empresas de 50 a 249 (ver táboa 34).



SECTOR DE ACTIVIDADE	SI, RECOÑECEMENTOS XERAIS	SI, RECOÑECEMENTOS ESPECÍFICOS	NON
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	33,3%	61,1%	5,6%
Pesca	28,5%	50,8%	20,7%
Industria manufacturera e extractiva	44,3%	41,5%	14,2%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	27,0%	73,0%	0,0%
Industria química	57,9%	42,1%	0,0%
Industria do metal	36,3%	62,2%	1,5%
Outras industrias	41,8%	51,9%	6,3%
Construción	30,6%	69,4%	0,0%
Comercio, hostalaría	56,9%	37,2%	5,8%
Transporte e comunicación	45,2%	47,9%	6,8%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	55,6%	37,9%	6,5%
Administración pública e educación	57,9%	21,1%	21,1%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	47,5%	47,5%	5,0%
Outras actividades sociais e persoais	56,1%	34,1%	9,8%
Lousa	44,4%	55,6%	0,0%


TÁBOA 33. NA SÚA EMPRESA OFRECEUSE AOS TRABALLADORES A POSIBILIDADE DE PASAR RECOÑECEMENTO POR SECTOR DA EMPRESA

TAMAÑO DA EMPRESA	SI, RECOÑECEMENTOS XERAIS	SI, RECOÑECEMENTOS ESPECÍFICOS	NON
1 a 9 traballadores	45,5%	40,4%	14,1%
10 a 49 traballadores	44,4%	51,7%	3,9%
50 a 249 traballadores	30,1%	69,9%	0,0%
250 ou máis traballadores	23,3%	76,7%	0,0%


TÁBOA 34. NA SÚA EMPRESA OFRECEUSE AO COLECTIVO TRABALLADOR A POSIBILIDADE DE PASAR RECOÑECEMENTO POR TAMAÑO DA EMPRESA

O lugar máis habitual para realizar as revisións é nas dependencias do servizo de prevención alleo (48% de empresas), seguido de clínicas concertadas (32,3%). Os menos son os que contaban con dependencias do servizo de protección propio.

GRÁFICA 43. LUGAR DE REALIZACIÓN DO RECOÑECEMENTO MÉDICO



GRÁFICA 44. IMPARTÍRONSE ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO




3.5.2 Actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo


O 70% de empresas declara ter realizado actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo. Obsérvase unha maior incidencia destas actividades nas grandes empresas, pero quedándose só no 51% nas empresas de menos de 10 traballadores que impartiron actividades formativas sobre seguridade e saúde no traballo.

En canto a sectores, máis do 69% de empresas impartiu formación sobre seguridade e saúde, excepto na pesca, cun valor moi inferior.

GRÁFICA 45. IMPARTÍRONSE ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POR TAMAÑO DA EMPRESA




GRÁFICA 46. IMPARTÍRONSE ACTIVIDADES FORMATIVAS SOBRE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO POR SECTOR




Os colectivos que apareceron máis implicados nesta formación son *o resto do persoal traballador*, é dicir, que non teñen postos específicos en seguridade e saúde ou dirección. Os mandos directos, superiores ou persoas con funcións de seguridade tamén son destinatarios de máis da metade destas accións formativas.

A motivación para organizar a actividade é máis habitualmente a mellora xeral da formación sobre o tema. A segunda razón é a incorporación de novos traballadores. Xa lonxe, co 28,7%, está as empresas que organizan formación por ter detectado riscos.

GRÁFICA 47. COLECTIVOS QUE RECIBIRON FORMACIÓN




GRÁFICA 48. MOTIVOS POLOS QUE SE REALIZARON ACCIÓNS FORMATIVAS



Os servizos de prevención alleo imparten a formación no 76,4% dos casos sendo a propia empresa, a moita distancia, a segunda opción máis escollida (28,2%).


GRÁFICA 49. ENTIDADES QUE LEVARON ADIANTE A FORMACIÓN EN SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO



3.5.3 Maquinaria ou equipos de traballo

Pouco máis da metade das empresas adquiriu maquinaria ou equipos nos dous últimos anos (excluídos os equipos informáticos).


GRÁFICA 50. MERCOU MAQUINARIA OU EQUIPOS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS




Respecto o marcado CE, o primeiro que hai que destacar é que practicamente todos saben se o levaba a maquinaria. É por tanto un aspecto que se controla no 94,9% dos casos. Entre os casos que se controla, todas as empresas declaran que levaba esta marcación *na maioría dos casos*.

As instrucións en castelán e a declaración de conformidade coa directiva de seguridade das máquinas son controlados en arredor do 90% dos casos e só faltan en menos do 1%. Neste caso non sabe se o teñen, o 11,8 % (declaración de conformidade) e o 8,4% (instrucións en castelán).


GRÁFICA 52. MAQUINARIA MERCADA LEVABA DECLARACIÓN DE CONFORMIDADE COA DIRECTIVA DE SEGURIDADE DAS MÁQUINAS



GRÁFICA 51. MAQUINARIA MERCADA LEVABA MARCADO CE




GRÁFICA 53. MAQUINARIA MERCADA LEVABA MANUAL DE INSTRUCCIÓN EN CASTELÁN




O 73,4% de empresas que mercou maquinaria nos dous últimos anos, establece especificacións de compra (prego de condicións) nas que se define claramente o uso previsto e as condicións nas que se vai utilizar a máquina ou equipo de traballo, aSi como a obriga de cumprir a regulamentación aplicable.

Dese grupo de empresas con prego de condicións para mercar máquinas, o 94,1% dispón dalgún sistema de recepción da máquina co que se verifica que se cumpren as especificacións do citado prego.

GRÁFICA 54. EXISTE PREGO DE CONDICIÓN CON
ESPECIFICACIÓN PARA COMPRA DE MAQUINARIA/EQUIPOS



GRÁFICA 55. EXISTE SISTEMA DE ESPECIFICACIÓN DE
CUMPRIMENTO DE ESPECIFICACIÓN



3.5.4 Outras actividades relacionadas coa prevención

Na seguinte táboa lístanse outras actividades relacionadas coa prevención de riscos laborais que se desenvolveron ou se están a desenvolver.

ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PREVENCIÓN DE RISCOS	PORCENTAXE DE EMPRESAS QUE AS DESENVOLVEN
Información de riscos laborais e medidas adoptadas	90,6%
Elaboración do plan de prevención	90,1%
Formación en materia de seguridade e saúde	87,3%
Planificación da actividade preventiva	85,4%
Definición das medidas de emerxencia	79,2%
Establecemento de prioridades e controis da prevención	64,1%
Investigación de accidentes de traballo	62,1%
Asignación a responsables de incluír a prevención nas decisións	53,4%
Prácticas derivadas do plan de emerxencia	27,6%
Elaboración dun plan de autoprotección	26,6%

TÁBOA 35. OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PREVENCIÓN DESENVOLTAS NA EMPRESA

Todos os sectores de actividade declaran que realizaron as catro primeiras actividades mencionadas na táboa 35 en, como mínimo, o 74% de empresas. Detéctase só unha incidencia máis baixa no caso das empresas do sector servizos.

Os aspectos que se avaliaron, en realización á seguridade e saúde laboral detállanse a continuación, xunto coa declaración de se se tomaron medidas. Máis do 60% de empresas adoptaron medidas tras avaliar a seguridade de máquinas, equipos e instalacións ou de avaliar as posturas de traballo, esforzos e movementos repetitivos.

Só no caso do sector da pesca hai menos do 60% de empresas que avaliasen este último aspecto.

Tamén cando se trata de avaliar aspectos relacionados cos produtos químicos nocivos ou tóxicos atópase que todas as empresas avaliaron este aspecto en máis do 60% dos casos excepto as dos servizos.

ASPECTOS AVALIADOS E MEDIDAS ADOPTADAS	NON SE AVALIOU	AVALIOUSE E NON FIXO FALTA TOMAR MEDIDAS	AVALIOUSE E ESTASE ESTUDANDO TOMAR MEDIDAS	AVALIOUSE E ADOPTÁRONSE MEDIDAS
Seguridade en máquinas, materiais e instalacións	9,1%	22,8%	2,7%	65,4%
Produtos químicos nocivos ou tóxicos	17,2%	40,9%	1,9%	40,1%
Posturas, esforzos físicos e movementos repetitivos	14,7%	19,2%	5,1%	61,0%
Axentes biolóxicos	29,0%	49,5%	1,8%	19,7%
Axentes físicos	17,7%	25,4%	4,0%	53,0%
Deseño do lugar de traballo	20,6%	25,7%	5,5%	48,1%
Aspectos psicosociais e organizativos	27,9%	27,9%	7,1%	37,0%

TÁBOA 36. ASPECTOS AVALIADOS E MEDIDAS ADOPTADAS

ASPECTOS AVALIADOS	SEGURIDADE EN MÁQUINAS, MATERIAIS E INSTALACIÓNS	PRODUTOS QUÍMICOS NOCIVOS OU TÓXICOS	POSTURAS, ESFORZOS FÍSICOS E MOVEMENTOS REPETITIVO	AXENTES BIOLÓXICOS	AXENTES FÍSICOS	DESEÑO DO LUGAR DE TRABALLO	ASPECTOS PSICOSOCIAIS E ORGANIZATIVOS
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	85,7%	78,6%	71,4%	42,9%	71,4%	71,4%	42,9%
Pesca	70,9%	65,8%	22,8%	27,8%	13,9%	10,1%	8,9%
Industria manufactureira e extractiva	82,2%	66,7%	73,3%	46,7%	73,3%	68,9%	40,0%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	88,2%	76,5%	76,5%	41,2%	82,4%	23,5%	17,6%
Industria química	94,1%	88,2%	82,4%	58,8%	82,4%	58,8%	29,4%
Industria do metal	90,2%	70,6%	78,4%	25,5%	84,3%	56,9%	47,1%
Outras industrias	88,2%	61,8%	79,4%	17,6%	73,5%	70,6%	47,1%
Construción	87,1%	64,5%	77,4%	19,4%	80,6%	83,9%	41,9%
Comercio, hostalaría	69,0%	57,1%	66,7%	35,7%	54,8%	59,5%	35,7%
Transporte e comunicación	74,3%	51,4%	74,3%	25,7%	54,3%	51,4%	40,0%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	74,5%	36,2%	70,2%	29,8%	46,8%	53,2%	44,7%
Administración pública e educación	59,1%	36,4%	63,6%	45,5%	50,0%	54,5%	31,8%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	64,7%	47,1%	64,7%	64,7%	52,9%	52,9%	52,9%
Outras actividades sociais e persoais	53,3%	40,0%	60,0%	46,7%	60,0%	26,7%	33,3%
Lousa	80,0%	20,0%	60,0%	20,0%	60,0%	80,0%	20,0%

TÁBOA 37. ASPECTOS AVALIADOS E MEDIDAS ADOPTADAS POR SECTOR


No caso de que concorran cadros de persoal de diversas empresas nun centro de traballo tamén se quixo coñecer as medidas de coordinación adoptadas para estes casos de concorrencia empresarial. Apréciase a existencia de reunións e medidas conxuntas na maioría dos casos. Mesmo existe coordinador de actividades preventivas. Non obstante só unha pequena parte das empresas (19,3%) realiza reunións conxuntas do comité de seguridade e saúde, empresarios e delegados de prevención.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN EN CASO DE CONCORRENCIA	PORCENTAXE DE EMPRESAS
Intercambio de información preventiva entre empresas	78,7%
Impartición de instrucións conxuntas	71,0%
Establecemento de medidas preventivas de forma conxunta	63,8%
Existencia de coordinador de actividades preventivas	54,2%
Reunións periódicas entre empresas	49,2%
Reunión do comité de seguridade e saúde, empresarios e delegados de prevención	19,3%

TÁBOA 38. MEDIDAS DE COORDINACIÓN EN CASO DE CONCORRENCIA EMPRESARIAL

3.5.5 Actividades de prevención relacionadas coas mulleres embarazadas e partos recentes

Menos da metade das empresas ten en conta as circunstancias de posible embarazo ou parto recente para a avaliación de riscos.



Boa parte das empresas de servizos superan o 50% na avaliación de riscos tendo en conta embarazos ou partos recentes. Tamén na industria química e na extractiva obsérvase unha significativa concienciación por ter en conta este tipo de situacións.

Non obstante, onde se observa máis contraste é no tamaño das empresas xa que se pasa do 24,7% (as empresas máis pequenas) ao 89,7% de empresas que avalían os riscos tendo en conta situación de embarazo ou parto recente.

SECTOR DE ACTIVIDADE	SI, TÍVOSE EN CONTA	NON SE DEU A CIRCUNSTANCIA	NON	NC
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	41,9%	51,6%	3,2%	3,2%
Pesca	9,5%	84,8%	3,8%	1,9%
Industria manufactureira e extractiva	53,0%	41,0%	3,0%	3,0%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	29,7%	56,8%	8,1%	5,4%
Industria química	52,6%	44,7%	2,6%	0,0%
Industria do metal	44,6%	49,2%	2,3%	3,8%
Outras industrias	28,9%	65,8%	3,9%	1,3%
Comercio, hostalaría	41,3%	53,2%	4,0%	1,6%
Transporte e comunicación	41,4%	51,4%	5,7%	1,4%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	46,1%	45,2%	4,3%	4,3%
Administración pública e educación	60,6%	33,3%	3,0%	3,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	57,9%	36,8%	2,6%	2,6%
Outras actividades sociais e persoais	59,5%	37,8%	2,7%	0,0%
Lousa	44,4%	55,6%	0,0%	0,0%
Construción	28,0%	67,2%	3,2%	1,6%

TÁBOA 39. CONSIDERACIÓN DE CONSECUCIAS DE EMBARAZO OU PARTO RECENTE NA AVALIACIÓN DE RISCOS POR SECTOR

	1 A 9 TRABALLADORES	10 A 49 TRABALLADORES	50 A 249 TRABALLADORES	250 OU MÁIS TRABALLADORES
Si, tívose en conta	24,7%	43,2%	63,9%	89,7%
Non se deu a circunstancia	66,5%	52,1%	32,7%	10,3%
Non	4,3%	3,8%	2,0%	0,0%
Ns/ Nc	4,5%	0,9%	1,4%	0,0%

TÁBOA 40. CONSIDERACIÓN DE CONSECUCIAS DE EMBARAZO OU PARTO RECENTE NA AVALIACIÓN DE RISCOS POR TAMAÑO DE EMPRESA

3.6 Danos á saúde

Neste apartado vaise tratar con detemento as posibles consecuencias, en forma de danos á saúde, das medidas de prevención adoptadas.

Tratarase o tema das enfermidades profesionais e dos accidentes laborais desagregando a análise, cando o tamaño da mostra o permite, por tamaño de empresa e sector.

Tamén se especificará o tipo de investigación realizada dos accidentes e enfermidades profesionais aSi como as posibles medidas tomadas ao respecto.


O 43,7% de empresas consultadas declara que non sufriu ningún accidente ou enfermidade profesional nos dous últimos anos.

Na seguinte gráfica detállase a porcentaxe de empresas con accidentes en cada sector. Obsérvase que nos lugares máis altos, con maior proporción de empresas sufrindo accidentes, están as industrias e o transporte. Tamén hai que indicar que estes sectores son, dentro da mostra, os que contan cun tamaño medio (número de traballadores) máis elevado. Con máis persoal traballador é lóxico pensar que pode aumentar o número de accidentes por empresa.

Nos lugares máis baixos en sinistralidade atópanse os servizos e a pesca por teren menor porcentaxe de empresas con accidentes ou enfermidades nos dous últimos anos.

A media de accidentes e enfermidades pode resultar enganosa xa que algúns sectores presentan empresas cun tamaño medio moi superior a outros. En consecuencia calculouse unha ratio de accidentes por 1.000 traballadores e de enfermidades/100 persoas empregadas de forma que se elimina o desequilibrio nos diferentes tamaños de empresa. Na táboa 41 especificácase, por tanto, o número de accidentes e número de enfermidades profesionais por cada mil persoas empregadas.

GRÁFICA 57. PORCENTAXE DE EMPRESAS QUE SUFRIU ALGÚN DANO QUE CAUSAISE BAIXA NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS



Ao calcular os accidentes ou enfermidades por cada 1.000 persoas empregadas segue a destacar moito o caso da lousa, con 675 casos de baixas por accidentes ou enfermidades profesionais por cada mil persoas empregadas nos dous últimos anos, dos cales 395 serían por enfermidades profesionais.

O seguinte sector con maior sinistralidade é a industria química aínda que neste caso, como na maioría, hai máis baixas por accidentes (179 por 1.000 traballadores) que por enfermidades profesionais (175,5) .

Os accidentes graves son máis numerosos no sector primario (pesca, agricultura, gandaría..) e despois na lousa e no transporte.

En canto ás enfermidades profesionais, é preciso subliñar que agricultura, caza e silvicultura presenta 108 enfermidades profesionais por cada mil persoas traballadoras nos dous últimos anos en Galicia. Tamén na extracción de minerais non metálicos atópase un índice de enfermidades profesionais moi por enriba da media, ao chegar a 95,5 por cada mil traballadores.

Nos lugares con menor incidencia de accidentes e enfermidades atópanse *outras industrias* e a *administración pública e educación*.

SECTOR DE ACTIVIDADE	DANOS POR 1000 TRABALLADORES	ACCIDENTES LEVES POR 1000 TRABALLADORES	ACCIDENTES GRAVES POR 1000 TRABALLADORES	ACCIDENTES MORTAIS POR 1000 TRABALLADORES	ENFERMIDADES PROFESIONAIS POR 1000 TRABALLADORES
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	221,7	108,6	4,4	0,0	108,6
Pesca	78,9	45,0	5,9	0,8	27,2
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	184,2	87,19	1,5	0,0	95,5
Industria química	356,4	179,96	1,0	0,0	175,5
Industria do metal	69,3	37,82	0,4	0,03	31,0
Outras industrias	14,1	7,25	0,3	0,0	6,6
Construción	28,1	25,51	0,6	0,0	1,9
Comercio, hostalaría	126,6	62,92	0,8	0,0	62,9
Transporte e comunicación	128,8	65,14	2,4	0,0	61,3
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	108,8	54,54	1,5	0,77	52,0
Administración pública e educación	20,2	8,65	0,0	0,0	11,6
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	52,2	25,82	0,5	0,0	25,8
Outras actividades sociais e persoais	65,6	33,62	0,0	0,0	32,0
Lousa	675,0	276,83	3,1	0,0	395,0
Industria manufactureira e extractiva	87,7	43,63	0,8	0,12	43,2

TÁBOA 41. NÚMERO DE ACCIDENTES E ENFERMIDADES QUE CAUSEN BAIXA POR 1000 TRABALLADORES E POR SECTOR

A evolución na empresa de persoas afectadas polos accidentes e enfermidades laborais descríbense na táboa 42. Son de destacar ao respecto, os seguintes datos:

- O 67,6% dos afectados por accidentes de carácter leve continuou no seu posto sen modificacións, e no caso dos graves isto só pasou no 30,9%. Esta diferenza débese, en parte, a que moitos dos accidentados graves seguen de baixa.
- A principal diferenza respecto dos que sufriron accidentes graves é que os segundos seguen a estar moitos de baixa (26,5%).
- Realizáronse modificacións no posto de traballo no 16,7% de casos de baixas por enfermidades profesionais. A cifra chega ao 23% e 19% no caso dos accidentes leves e graves respectivamente.
- O 9,8% dos casos de enfermidades profesionais provoca o abandono da empresa debido a un baremo de INSS/EVI que remata en incapacidade.

EVOLUCIÓN NA EMPRESA TRAS OS ACCIDENTES / ENFERMIDADES	ACCIDENTES LEVES	ACCIDENTES GRAVES	ENFERMIDADES PROFESIONAIS
Incorporados a outro posto	3,4%	7,4%	11,8%
Posto modificado e afectados permaneceron	23,0%	19,1%	16,7%
Continuaron no mesmo posto sen modificación	67,6%	30,9%	33,3%
Continúan de baixa actualmente	1,4%	26,5%	17,6%
Abandonaron a empresa voluntariamente	0,3%	1,5%	4,9%
Abandonaron a empresa tras incapacidade	0,4%	5,9%	9,8%
Abandonaron a empresa por outras circunstancias	3,7%	4,4%	5,9%
Faleceron	0%	4,4%	0,0%

TÁBOA 42. EVOLUCIÓN DO PERSOAL EMPREGADO QUE SUFRIU ENFERMIDADES OU ACCIDENTES

Non se investiga o 6,1% de accidentes de traballo acontecidos nas empresas (leves e graves) mentres que no caso das enfermidades a proporción chega ao 38,4% de incidencias sen investigar.

O 65,6% dos accidentes leves e graves é investigado por persoal da propia empresa. No caso das enfermidades profesionais é o servizo de prevención alleo o que adoita adquirir esa responsabilidade, investigando o 44% destas

PERSONAS OU ENTIDADES QUE INVESTIGARON OS ACCIDENTES / ENFERMIDADES	ACCIDENTES LEVES E GRAVES	ENFERMIDADES PROFESIONAIS
Non se investigou	6,1%	38,4%
Persoal da empresa	65,6%	12,0%
Servizo de prevención alleo	26,7%	44,0%
Inspección de traballo	1,2%	4,0%
Órgano técnico da comunidade autónoma	0,4%	1,6%

TÁBOA 43. INVESTIGACIÓN DE ENFERMIDADES OU ACCIDENTES

Por último, no apartado referente aos accidentes profesionais, solicitouse que valorasen cales consideraban que eran as principais causas. Dunha listaxe de 22 posibles causas, nas empresas xustifican os accidentes tal e como figura na táboa número 44.

O 73,7% das empresas considera que as distraccións son unha das causas principais de accidentes de traballo.

No 52% de empresas achácase a sinistralidade laboral, principalmente a posturas forzadas ou sobreesforzos durante a tarefa.

Para os empresarios, a terceira causa dos accidentes é o incumprimento das instrucións de traballo, co 19,8% de casos.

En cuarto lugar, entre as causas atribuídas aos accidentes, estaría a falta de espazo, limpeza ou desorde.


Támén se atribúe como causante de accidentes, en máis do 10% de casos, á manipulación de substancias químicas e perigosas ou a causas relacionadas co tráfico.

No anexo I do presente informe preséntanse as causas que atribuídas aos accidente desagregadas por sector: detállanse as tres primeiras causas por sector.

CAUSAS DOS ACCIDENTES	PORCENTAXE DE EMPRESAS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	73,7%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	52,0%
Incumprimento das instrucións de traballo	19,8%
Falta de espazo, de limpeza ou desorde	15,6%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	12,6%
Causas relacionadas co tráfico	11,9%
Uso de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados para a tarefa	9,8%
Aperturas, ocos desprotexidos, escaleiras ou plataformas en mal estado	8,9%
Falta de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes	8,3%
Falta ou inadecuación de equipos de protección individual	6,1%
Gabias, noiros e desniveis no terreo que provoquen envorco ou caídas	5,9%
Equipos ou ferramentas en mal estado	5,3%
Cansazo ou fatiga	4,7%
Trabállase moi rápido	4,4%
Realización de tarefas inhabituais ou extraordinarias	3,1%
Mantemento inadecuado ou deficiente	2,0%
Sinalización de seguridade inexistente ou deficiente	1,4%
Non se dispón da cualificación ou experiencia necesaria para a tarefa	1,2%
instrucións de traballo insuficientes ou inadecuadas	0,8%
Exceso de horas continuadas de traballo	0,6%
Imprevisibilidade dos animais	0,5%
Falta de información sobre riscos e medidas preventivas	0,3%

TÁBOA 44. CAUSAS DOS ACCIDENTES DE TRABAJO

O 16,6% de empresas dispón de datos sobre os custos económicos anuais dos accidentes. Principalmente coñecen os custos asegurados e, en menor medida, os tempos perdidos e a diminución da produción.



CUSTOS CONTABILIZADOS	PORCENTAXE DE EMPRESAS
Custos asegurados	83,0%
Custos de tempos perdidos	28,0%
Diminución da produción	23,0%
Actividades encamiñadas a prevención de riscos	12,7%
Custos de danos a instalacións, equipos e materiais	5,9%
Sancións administrativas e procesos xudiciais	3,3%
Outros custos non asegurados	2,5%
Custos de primeiros auxilios	1,9%
Perda de imaxe e mercado	1,1%


TÁBOA 45. DESAGREGACIÓN DOS DATOS SOBRE CUSTO DOS QUE DISPOÑEN AS EMPRESAS

3.7 Valoración xeral


A enquisa sobre condicións de traballo nas empresas galegas inclúe un último apartado en que demanda que as empresas valoren diversas calidades da regulamentación en materia de prevención de riscos de traballo. Pídese que valoren a regulamentación en materia de prevención de riscos laborais nunha escala de 1 a 5. No punto 1 sitúase un adxectivo de carácter positivo e no punto 5 sitúase outra valoración de carácter oposta a anterior.

Nas sete seguintes gráficas obsérvase unha valoración bastante homoxénea das dimensións propostas xa que nas sete que se propoñen atópase:


- A valoración media é a categoría máis seleccionada.
- Existe unha lixeira tendencia a valoración positiva dos factores abordados, xa que o punto 1 máis o 2 tende a ser superior á suma do 4 e o 5.
- A valoración totalmente negativa rolda o 5%. Empeora no caso de economicamente pouco rendible (7,6%), orientado ao sector industrial (10,2%) e orientado a grandes empresas (11,2%).




GRÁFICA 60. VALORACIÓN DE ADECUACIÓN DA REGULAMENTACIÓN




GRÁFICA 62. VALORACIÓN DE RENDIBILIDADE DA REGULAMENTACIÓN




GRÁFICA 61. VALORACIÓN DE COMPLEXIDADE DA REGULAMENTACIÓN



GRÁFICA 63. VALORACIÓN DE ORIENTACIÓN AO SECTOR DA REGULAMENTACIÓN



GRÁFICA 64. VALORACIÓN DE ORIENTACIÓN AO
TAMAÑO DA EMPRESA DA REGULAMENTACIÓN



A porcentaxe de valoracións negativas (4 ou 5) oscila entre o 20,6% de empresas (considérense difícil de aplicar) ata o 29,5% (opinan que a regulamentación está orientada ao sector da industria) e 33,7 % (cren que está orientada a grandes empresas).

O tamaño da empresa e o sector de actividade son aspectos relevantes, por iso se pregunta na enquisa se as normas se adaptan mellor a certos sectores ou tamaños.


A continuación especifícanse as diverxencias localizadas por sectores de actividade e por tamaño da empresa. Para que os datos sexan doados de comprender agrúpanse as respostas en positivas en tres grupos:

- 1 e 2 positivas
- 3 neutro
- 4 e 5 negativas


Comézase analizando a influencia do tamaño na empresa sobre a valoración da regulamentación en prevención de riscos no traballo.

Existen tres variables nas que o maior tamaño de empresa implica valoración máis negativa que a media que son *difícil de aplicar* e *complexa* e *excesiva*. Nesas tres variables as valoracións positivas roldan o 30% entre as empresas máis pequenas e quédanse en 0 para as grandes. Non obstante, hai unha tendencia oposta, na última gráfica da serie, obsérvase que as empresas máis grandes tenden a considerar máis *eficaz* esa regulamentación que previamente consideraron complexa e difícil de aplicar.


GRÁFICA 65. VALORACIÓN DE EFICACIA DA
REGULAMENTACIÓN




GRÁFICA 66. VALORACIÓN DE REGULACIÓN DE FÁCIL OU DIFÍCIL APLICACIÓN POR TAMAÑO DE EMPRESA




GRÁFICA 68. VALORACIÓN DE SINXELEZA DE REGULACIÓN POR TAMAÑO DE EMPRESA




GRÁFICA 67. VALORACIÓN DE REGULACIÓN DE ADECUACIÓN DE REGULACIÓN POR TAMAÑO DA EMPRESA



GRÁFICA 69. VALORACIÓN DE SE A REGULACIÓN É ECONOMICAMENTE RENDIBLE POR TAMAÑO DE EMPRESA




GRÁFICA 70. VALORACIÓN DE SE A REGULACIÓN SÓ ESTÁ ORIENTADA A SECTOR INDUSTRIAL POR TAMAÑO DE EMPRESA




■ Orientada a todos os sectores ■ Indiferente ■ Orientada o sector industrial

GRÁFICA 72. VALORACIÓN DE EFICACIA DA REGULACIÓN POR TAMAÑO DE EMPRESA



■ Eficaz ■ Indiferente ■ Ineficaz

GRÁFICA 71. VALORACIÓN DE SE A REGULACIÓN ESTÁ ORIENTADA A GRANDES EMPRESAS POR TAMAÑO DE EMPRESA



■ Orientada a todos os tamaños de cadro de persoal ■ Indiferente
■ Orientada ás grandes empresas

As razóns para poñer en marcha accións que preveñan riscos laborais son tres principalmente:

- Garantir a seguridade e mellorar as condicións de traballo: mencionada en primeiro lugar polo 45,7% de empresas, entre as tres primeiras razóns para o 88,7% de empresas
- Cumprir coa lexislación vixente é a seguinte motivación máis mencionada: a primeira razón para o 31,5% de empresas, 86,6% en total
- Evitar consecuencias legais: o 18,5% considérao razón principal para prevención de riscos. Se o sumamos a *cumprir coa lexislación* atópase que o 50% de empresas din que a principal motivación para cumprir a regulamentación en materia de prevención de riscos laborais é de carácter legal

RAZÓNS PARA PREVIR RISCOS LABORAIS	1ª RAZÓN	2ª RAZÓN	3ª RAZÓN	TOTAL
Garantir seguridade e saúde, mellorar condicións de traballo	45,7%	16,8%	26,2%	88,7%
Cumprir coa lexislación vixente	31,5%	39,7%	15,4%	86,6%
Evitar consecuencias legais	18,5%	20,8%	20,8%	60,0%
Conseguir un bo clima laboral	1,2%	8,4%	8,2%	17,7%
Aumentar a competitividade da empresa	1,1%	3,2%	9,2%	13,5%
Coidar a imaxe da empresa	0,8%	3,8%	8,4%	13,0%
Responder a requirimentos de traballadores e/ou sindicatos	0,7%	4,5%	6,5%	11,8%
Redución de custos	0,4%	3,0%	5,3%	8,6%

TÁBOA 46. TRES PRINCIPAIS RAZÓNS PARA POÑER EN MARCHA ACCIÓNS PARA PREVIR RISCOS LABORAIS

Os resultados son practicamente idénticos por sectores. Só pode atoparse unha excepción relevante no caso da pesca. Obsérvase que neste caso unicamente o 12,2% selecciona como primeira razón a de *garantir a seguridade e mellorar as condicións* (ver táboa 47).

No lado completamente oposto está a lousa, sector no que o 88% de empresas indica que a principal razón para aplicar accións para previr riscos laborais é *garantir a seguridade e saúde dos traballadores* (ver táboa 47).

No anexo I tamén se detallan os resultados das valoracións da regulamentación en materia de prevención de riscos laborais por sector da empresa.

SECTOR DE ACTIVIDADE	CUMPRIR COA LEXISLACIÓN VIXENTE	EVITAR CONSECUENCIAS LEGAIS	RESPONDER A REQUIRIMENTOS DE TRABALLADORES E/OU SINDICATOS	COIDAR A IMAXE DA EMPRESA	GARANTIR SEGURIDADE E SAÚDE, MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO	REDUCCIÓN DE CUSTOS	CONSEGUIR UN BO CLIMA COMPETITIVIDA- VIXENTE	AUMENTAR A COMPETITIVIDADE DA EMPRESA
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	10,6%	17,3%	0,7%	0,0%	67,1%	0,0%	0,0%	4,3%
Pesca	25,1%	53,4%	0,6%	2,5%	12,2%	1,2%	1,9%	3,1%
Industria manufactureira e extractiva	35,1%	9,9%	2,1%	0,0%	52,8%	0,0%	0,0%	0,0%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	17,5%	11,1%	0,0%	1,3%	70,1%	0,0%	0,0%	0,0%
Industria química	27,8%	0,9%	0,0%	0,0%	71,3%	0,0%	0,0%	0,0%
Industria do metal	27,3%	4,3%	0,1%	2,1%	66,3%	0,0%	0,0%	0,0%
Outras industrias	20,0%	4,8%	2,4%	0,0%	70,3%	0,0%	2,4%	0,0%
Construción	28,3%	7,2%	0,0%	0,0%	64,0%	0,2%	0,0%	0,3%
Comercio, hostalaría	38,1%	4,2%	1,7%	0,0%	54,6%	0,2%	1,3%	0,0%
Transporte e comunicación	43,3%	3,3%	0,5%	0,0%	52,7%	0,0%	0,2%	0,0%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	50,9%	6,6%	0,0%	0,2%	40,7%	0,0%	0,0%	1,6%
Administración pública e educación	38,8%	8,6%	0,0%	0,0%	38,6%	0,0%	14,0%	0,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	29,2%	7,9%	0,0%	0,0%	60,5%	0,0%	2,4%	0,0%
Outras actividades sociais e persoais	43,3%	5,7%	0,0%	0,0%	50,9%	0,0%	0,0%	0,0%
Lousa	11,9%	0,0%	0,0%	0,0%	88,1%	0,0%	0,0%	0,0%

TÁBOA 47. PRINCIPAL RAZÓN PARA POÑER EN MARCHA ACCIÓNS PARA PREVER RISCOS LABORAIS POR SECTOR DE ACTIVIDADE

3.8 Dúbidas e suxestións

Por último inclúense os resultados dunha variable con estrutura de resposta aberta que pechaba o cuestionario. Trátase de dúbidas, suxestións e queixas acerca do estudo ou da regulamentación sobre riscos laborais.

Obsérvase que o servizo de prevención alleo é o máis común. Nalgúns casos deu resposta ao cuestionario a empresa e noutros fixérono en común. En todo caso supuxo algunhas dificultades para coñecer certos datos dos que se demandan complicando o proceso de recollida de datos.

Nesta variable tamén houbo empresas que aproveitaron para demandar cambios no regulamento de prevención de riscos laborais ou que destacaba que son os propios traballadores, por falta de concienciación, os que non seguen as medidas decretadas e causan os propios accidentes.

COMENTARIOS SOBRE O CUESTIONARIO	PORCENTAXE DE EMPRESAS
Considera que o cuestionario non é aplicable á miña empresa ou queixas por molestia de cubrilo	16,0%
Necesidade modificacións lei PRL	12,6%
A empresa non ten riscos específicos	10,4%
Os traballadores non concienciados, non usan EPI, pouco profesionais é causa da maior parte de accidentes	9,8%
Elevado custo aplicación regulamentación PRL	8,9%
A regulamentación de PRL pensada só en grandes empresas	8,7%
Mellorar formación dispoñible	8,1%
Queixas sobre os servizos de prevención alleos	5,0%
Descoñecemento realidade das empresas de quen elaborou regulamento	2,9%
Dificultades para responder cuestionario	2,9%
Impredicibilidade dos accidentes	0,2%

TÁBOA 48. DÚBIDAS OU SUXESTIÓN



(Anexos)

Anexo I: táboas detalladas: causas de accidentes e valoración da regulación

CAUSAS DOS ACCIDENTES: RESULTADOS POR SECTOR

CAUSAS DOS ACCIDENTES	AGRICULTURA ETC.
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	71,4%
Gabias, noiros e desniveis no terreo que provoquen envorcos ou caídas	35,7%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	35,7%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	PESCA
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	78,6%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	26,2%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	4,8%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	INDUSTRIA MANUFACTUREIRA E EXTRACTIVA
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	87,5%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	41,7%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	18,8%
Incumprimento das instrucións de traballo	18,8%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	EXTRACCIÓN DE MINERAIS NON METÁLICOS NIN ENERXÉTICOS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	87,5%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	50,0%
Incumprimento das instrucións de traballo	29,2%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	INDUSTRIA QUÍMICA
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	85,2%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	40,7%
Uso de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados para a tarefa	22,2%
Incumprimento das instrucións de traballo	22,2%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	INDUSTRIA DO METAL
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	78,3%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	57,6%
Incumprimento das instrucións de traballo	28,3%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	OUTRAS INDUSTRIAS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	71,9%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	43,8%
Falta de espazo, de limpeza ou desorde	9,4%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	9,4%
Uso de ferramentas, máquinas, equipos ou materiais inadecuados para a tarefa	9,4%
Realización de tarefas inhabituais ou extraordinarias	9,4%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	CONSTRUCCIÓN
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	83,1%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	56,3%
Falta de proteccións das máquinas ou equipos, ou as que hai son deficientes	39,4%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	COMERCIO, HOSTALARÍA
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	70,4%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	48,1%
Incumprimento das instrucións de traballo	16,7%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	TRANSPORTE E COMUNICACIÓN
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	90,6%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	43,8%
Incumprimento das instrucións de traballo	15,6%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	INTERMEDIACIÓN FINANCEIRA, ACTIVIDADES INMOBILIARIAS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	72,2%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	58,3%
Causas relacionadas co tráfico	19,4%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E EDUCACIÓN
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	66,7%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	16,7%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	16,7%
Cousas relacionadas co tráfico	16,7%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	ACTIVIDADES SANITARIAS E VETERINARIAS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	57,1%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	57,1%
Manipulación de produtos, substancias químicas ou materiais perigosos	21,4%
Incumprimento das instrucións de traballo	21,4%
Causas relacionadas co tráfico	21,4%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	OUTRAS ACTIVIDADES SOCIAIS E PERSOAIS
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	72,7%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	63,6%
Trabállase moi rápido	18,2%

CAUSAS DOS ACCIDENTES	LOUSA
Distraccións, descoidos, despistes, falta de atención	77,8%
Posturas forzadas ou realización de sobreesforzos durante a tarefa	66,7%
Incumprimento das instrucións de traballo	44,4%

VALORACIÓN DA REGULACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS NO TRABALLO: RESULTADOS POR SECTOR

SECTOR DE ACTIVIDADE	ADECUADA	INDIFERENTE	EXCESIVA
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	31,0%	45,2%	23,8%
Pesca	34,4%	43,1%	22,4%
Industria manufactureira e extractiva	25,9%	44,4%	29,6%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	34,8%	34,8%	30,4%
Industria química	29,0%	51,6%	19,4%
Industria do metal	40,7%	43,0%	16,3%
Outras industrias	41,9%	44,6%	13,5%
Construción	24,3%	45,8%	29,9%
Comercio, hostalaría	35,0%	48,2%	16,8%
Transporte e comunicación	34,5%	38,2%	27,3%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	36,4%	47,1%	16,5%
Administración pública e educación	32,0%	40,0%	28,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	25,0%	65,0%	10,0%
Outras actividades sociais e persoais	36,4%	42,4%	21,2%
Lousa	75,0%	0,0%	25,0%
Total	33,8%	44,6%	21,5%

SECTOR DE ACTIVIDADE	SINXELA	INDIFERENTE	COMPLEXA
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	26,8%	34,1%	39,0%
Pesca	34,9%	38,2%	26,9%
Industria manufacturera e extractiva	22,7%	42,7%	34,7%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	26,1%	26,1%	47,8%
Industria química	19,4%	51,6%	29,0%
Industria do metal	28,7%	46,0%	25,3%
Outras industrias	44,2%	36,4%	19,5%
Construción	19,0%	52,4%	28,6%
Comercio, hostalaría	27,9%	48,5%	23,5%
Transporte e comunicación	30,9%	45,5%	23,6%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	25,4%	54,1%	20,5%
Administración pública e educación	28,0%	40,0%	32,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	40,0%	35,0%	25,0%
Outras actividades sociais e persoais	28,1%	37,5%	34,4%
Lousa	0,0%	66,7%	33,3%
Total	29,5%	43,6%	26,9%

SECTOR DE ACTIVIDADE	ECONOMICAMENTE RENDIBLE	INDIFERENTE	ECONOMICAMENTE POUCO RENDIBLE
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	17,1%	43,9%	39,0%
Pesca	37,7%	39,7%	22,7%
Industria manufacturera e extractiva	30,9%	40,7%	28,4%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	28,6%	28,6%	42,9%
Industria química	20,0%	36,7%	43,3%
Industria do metal	23,0%	46,0%	31,0%
Outras industrias	35,1%	41,6%	23,4%
Construción	25,7%	41,9%	32,4%
Comercio, hostalaría	33,1%	44,6%	22,3%
Transporte e comunicación	28,6%	39,3%	32,1%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	27,5%	40,0%	32,5%
Administración pública e educación	20,8%	50,0%	29,2%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	44,4%	27,8%	27,8%
Outras actividades sociais e persoais	22,6%	51,6%	25,8%
Lousa	25,0%	50,0%	25,0%
Total	30,6%	41,4%	28,0%

SECTOR DE ACTIVIDADE	ORIENTADA A TODOS OS SECTORES	INDIFERENTE	ORIENTADA O SECTOR INDUSTRIAL
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	11,9%	57,1%	31,0%
Pesca	46,5%	31,6%	21,9%
Industria manufactureira e extractiva	22,4%	42,1%	35,5%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	26,1%	43,5%	30,4%
Industria química	22,6%	41,9%	35,5%
Industria do metal	27,9%	41,9%	30,2%
Outras industrias	27,3%	46,8%	26,0%
Construción	28,0%	39,3%	32,7%
Comercio, hostalaría	36,0%	33,1%	30,9%
Transporte e comunicación	25,0%	42,9%	32,1%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	25,8%	42,5%	31,7%
Administración pública e educación	28,0%	28,0%	44,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	30,0%	45,0%	25,0%
Outras actividades sociais e persoais	9,4%	43,8%	46,9%
Lousa	75,0%	0,0%	25,0%
Total	32,0%	38,5%	29,5%

SECTOR DE ACTIVIDADE	ORIENTADA A TODOS OS TAMAÑOS DE CADROS DE PERSOAL	INDIFERENTE	ORIENTADA ÁS GRANDES EMPRESAS
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	28,2%	25,6%	46,2%
Pesca	33,3%	39,1%	27,6%
Industria manufactureira e extractiva	23,4%	28,6%	48,1%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	30,4%	26,1%	43,5%
Industria química	28,1%	25,0%	46,9%
Industria do metal	42,7%	31,7%	25,6%
Outras industrias	42,9%	33,8%	23,4%
Construción	35,2%	31,5%	33,3%
Comercio, hostalaría	30,4%	39,9%	29,7%
Transporte e comunicación	36,4%	29,1%	34,5%
Intermediación financeira actividades inmobiliarias e servizos empresariais	22,2%	37,6%	40,2%
Administración pública e educación	12,5%	25,0%	62,5%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	33,3%	50,0%	16,7%
Outras actividades sociais e persoais	30,0%	26,7%	43,3%
Lousa	66,7%	0,0%	33,3%
Total	32,0%	34,5%	33,6%

SECTOR DE ACTIVIDADE	EFICAZ	INDIFERENTE	INEFICAZ
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	19,5%	61,0%	19,5%
Pesca	22,5%	45,3%	32,2%
Industria manufactureira e extractiva	28,6%	41,6%	29,9%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	34,8%	52,2%	13,0%
Industria química	28,1%	56,3%	15,6%
Industria do metal	33,3%	52,4%	14,3%
Outras industrias	55,8%	35,1%	9,1%
Construción	30,8%	52,3%	16,8%
Comercio, hostalaría	41,0%	41,7%	17,3%
Transporte e comunicación	42,6%	44,4%	13,0%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	29,2%	42,5%	28,3%
Administración pública e educación	16,0%	48,0%	36,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	35,0%	50,0%	15,0%
Outras actividades sociais e persoais	28,1%	59,4%	12,5%
Lousa	75,0%	0,0%	25,0%
Total	31,4%	46,2%	22,4%

SECTOR DE ACTIVIDADE	DE FÁCIL APLICACIÓN	INDIFERENTE	DIFÍCIL DE APLICAR
Agricultura, gandería, caza, silvicultura	35,9%	48,7%	15,4%
Pesca	37,6%	45,0%	17,4%
Industria manufactureira e extractiva	28,4%	40,7%	30,9%
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos (excepto lousa)	9,1%	45,5%	45,5%
Industria química	19,4%	64,5%	16,1%
Industria do metal	32,9%	43,5%	23,5%
Outras industrias	44,8%	38,8%	16,4%
Construción	18,6%	55,9%	25,5%
Comercio, hostalaría	33,1%	46,8%	20,1%
Transporte e comunicación	32,7%	50,9%	16,4%
Intermediación financeira, actividades inmobiliarias e servizos empresariais	29,8%	52,9%	17,3%
Administración pública e educación	25,0%	60,0%	15,0%
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos	35,0%	40,0%	25,0%
Outras actividades sociais e persoais	32,3%	45,2%	22,6%
Lousa		66,7%	33,3%
Total	32,0%	47,4%	20,6%

Anexo II: cuestionario

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) é un organismo autónomo da Consellería de Traballo e Benestar que ten asignada, entre outras, a misión do análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo. Con este obxectivo, o ISSGA realiza periodicamente a Enquisa de Condicións de Traballo. A súa empresa foi seleccionada para participar nesta operación estatística.

SEGREDO ESTATÍSTICO: a efectos do disposto na Lei 12/1989 do 9 de maio da función estatística pública, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e demais normativa aplicable, queda garantida a correcta utilización da información facilitada polas empresas para a execución deste estudo, así como o segredo estatístico dos datos subministrados.

COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR: Para calquera aclaración poderá dirixirse a:

P.1. Na actualidade, cal é o número de centros de traballo cos que conta a empresa en España (coa mesma razón social) incluído este centro?

- Só este centro de traballo 1 → PASE Á P.4
- De 2 a 5 centros de traballo 2
- De 6 a 10 centros de traballo 3
- Máis de 10 centros de traballo 4

A. INFORMACIÓN XERAL DA EMPRESA

P.2 Cal é a actividade económica principal da empresa?

CNAE 93: _____
CNAE 09: _____

(Describir da forma máis precisa e concreta posible a actividade principal realizada na empresa)

P.3 Na actualidade, cal é o número de traballadores en plantilla da empresa en España? (aínda que sexa aproximado) N° de traballadores

B. INFORMACIÓN XERAL E ESTRUCTURA DO EMPREGO NESTE CENTRO DE TRABALLO

P.4 Cal é a actividade económica principal deste centro de traballo?

CNAE 93: _____
CNAE 09: _____

(Describir da forma máis precisa e concreta posible a actividade principal realizada na empresa)

P.5 Canto tempo leva este centro de traballo realizando a súa actividade?

N° anos _____ N° meses _____ (aínda que sexa aproximado)

P.6 Distribúa o persoal ocupado no centro de traballo no momento actual, segundo a seguinte clasificación:

Por persoal ocupado enténdese a todos os traballadores desta empresa, doutras ou autónomos que desenvolven a súa actividade laboral para este centro de traballo (tanto nos propios locais como fóra deles) aínda que hoxe estean de baixa, vacacións ou situacións semellantes, atopándose excluídos o dono, empresario ou similar.

		Para a actividade propia	Catering	Informática	Vixilancia	Limpeza	Outras. Especificar
Cadro de persoal propio	1. Indefinidos ou fixos discontinuos 2. Contratos de duración determinada (obra ou servizo, interino, de formación, en prácticas, etc)						
Cadro de persoal alleo	3. Traballadores de contratas ou subcontratas 4. Autónomos non dependentes 5. Autónomos dependentes (traballan só para esta empresa) 6. Traballadores de ETT 7. Outros. Especificar: _____						
Total							

P.7 Distribúa o cadro de persoal propio deste centro segundo sexo e nacionalidade:

	Nacionalidade española	Nacionalidade estranxeira	Total
Homes			
Mulleres			

P.8 Distribúa o cadro de persoal propio deste centro segundo a súa idade:

1. Entre 16 e 19 anos
2. Entre 20 e 24 anos
3. Entre 25 e 54 anos
4. Entre 55 e 65 anos
5. Máis de 65 anos.....
6. TOTAL

P.9 Distribúa o cadro de persoal propio deste centro segundo o lugar onde realice a maior parte do seu traballo:

1. Neste centro de traballo
2. Noutros centros de traballo da mesma empresa
3. Noutras empresas
4. Na rúa (reparación, mantemento, repartición, obras...)
5. No seu domicilio particular
6. Outro, especificar:
7. TOTAL.....

P.10 Distribúa o cadro de persoal propio deste centro segundo o tipo de horario que teña na actualidade:

1. Xornada partida: mañá e tarde.....
2. Xornada continua: fixo de mañá
3. Xornada continua: fixo de tarde
4. Xornada continua: fixo de noite
5. Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde.....
6. Horario en equipos rotativos (quendas): mañá/tarde/noite
7. Horario en equipos rotativos (quendas): outro tipo.....
8. Outro. Especificar:.....
9. TOTAL.....

**P.11 Neste centro de traballo, realízase algunha das seguintes actividades de especial perigosidade (engadidas no anexo I do regulamento dos servizos de prevención)?
(SON POSIBLES VARIAS RESPONSTAS)**

